



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Óptica e Optometría

Curso Académico: 19/20

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	6
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	6
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	13
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	21
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	26
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	29
Directriz 6. Información pública	32
3. Plan de Melloras do centro	35
4. Modificacións nos diferentes títulos	51
5. Listaxe de evidencias e indicadores	51

1. Introducción

A Facultade de Óptica e Optometría considera a importancia que ten a calidade no contexto universitario, para garantir os programas formativos que dean resposta ás demandas da sociedade. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade elabora a súa política tendo como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A USC aprobou primeiro o Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC) marco en decembro de 2009, e a Comisión delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha simplificación documental e o 3 de outubro de 2014 unha modificación dos indicadores e informes dispoñibles dentro do SGIC. A Facultade de Óptica e Optometría, mantendo o seu compromiso coa calidade adaptou o seu SGIC conforme ás modificacións do SGIC marco e elaborou o manual simplificado, que foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 4 de febreiro do 2015. Posteriormente, a USC, en aras de simplificar o proceso de calidade, fixo unha nova modificación do mesmo establecendo un novo Sistema de Garantía de Calidade (SGC) marco, polo que a Facultade de Óptica e Optometría volveu a adaptar o seu SGC conforme ao da USC, onde se suprimiu o manual extenso e os procesos e procedementos obsoletos. Deste xeito, elaboráronse o novo Manual do SGC e o Manual de procesos da Facultade, ambos aprobados pola Comisión de Calidade da Facultade reunida no 10/07/2019 e posteriormente pola Xunta de Facultade con data 11/07/2019.

O “Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría”, así como o “Manual de Procesos” están dispoñibles na páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado á Calidade <http://www.usc.es/gl/centros/opto/sgic.html>

A documentación relativa ao SGC en vigor durante o curso 2018/19 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento; tamén dispoñible na web da Facultade na ligazón de Calidade <http://www.usc.es/gl/centros/opto/calidade.html>

Dende o 24/07/2013, data na que se puxo en marcha a “Aplicación de Apoio aos Sistemas de Xestión”, por parte da Área de Calidade da USC, tanto o Responsable de Calidade como a Responsable da Unidade de xestión do centro e departamentos da Facultade de Óptica e Optometría, utilizan dita aplicación informática, incluíndo nela todas as accións de calidade desenvolvidas en cada curso.

O ámbito de aplicación do SGC durante o curso 2019-2020 ten en conta a titulación impartida no centro e a todos os grupos de interese da Facultade

Os títulos vinculados á Facultade durante o curso 2019-2020 son:

- Grao en Óptica e Optometría (*titulación profesional regulada por Lei*).

En canto ao curso ponte, hai que salientar que este foi o último curso onde o alumnado podía superar as materias pendentes, tal como se acordou na Xunta de Facultade do 30 de xaneiro de 2018. Indicar que no curso 2019/2020 matriculáronse un total de 14 alumnos/as para rematar a adaptación ao grao.

- Máster en Optometría.

Impártese o título de Máster en Optometría, na súa segunda edición, sendo unha titulación de orientación mixta, profesional e investigadora.

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGC, ademais do Manual do SGC, o Manual de Procesos e a normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que se relaciona a continuación:

- Memoria do Grao en Óptica e Optometría da USC
<http://www.usc.es/gl/centros/opto/calidade.html>
- Memoria do Máster en Optometría da USC
<http://www.usc.es/gl/centros/opto/calidade.html>
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Óptica e Optometría <http://www.usc.es/gl/centros/opto/regulamento.html>

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son a Xunta de Facultade, a Comisión de Calidade, a Comisión de Título de Grao e Máster, o Equipo Decanal, o responsable de calidade do centro e a coordinadora de título. As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionados co desenvolvemento do SGC poden consultarse no punto 3 do Manual do SGC da Facultade de Óptica e Optometría: Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade <http://www.usc.es/gl/centros/opto/sgic.html>

Detállanse a continuación a composición e funcións da Comisión de Calidade:

MEMBROS DA CCC

Decano/a do centro, ou a persoa na que delegue

O/a responsable de calidade do centro (RCC)

Coordinador/a de calidade (*se o/a houbese*)

Coordinadores/as das titulacións de grao e mestrado

O/a responsable da Unidade de apoio á Xestión de Centro e Departamentos

2 representantes do alumnado

4 representantes do profesorado

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGIC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias (informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora e memoria de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora, elaboradas polas correspondentes comisións de título).

No curso 2019/2020 a comisión de calidade reuniuse nas seguintes datas:

Reunións da Comisión de Calidade do curso 2019/2020	
Data e tipo de sesión	Orde do día
21/11/2019	1. -Aprobación, se procede, do Plan de Acción Titorial (PAT) ao alumnado . 2. -Informes propios das enquisas de avaliación do PAT.
22/01/2020	1.-Aprobación, se procede, da composición do Comité Consultivo. 2.-Proposta de enquisas propias para as materias. 3.-Revisión das necesidades e servizos TIC na Facultade.
14/07/2020	1.-Aprobación, se procede, do Informe de Seguimento do Grao en Óptica e Optometría – curso 2018/2019. 2.-Aprobación, se procede, do Informe de Seguimento do Máster en Optometría – curso 2018/2019.

A Xunta de Facultade debe aprobar o informe de resultados, o informe de seguimento e propostas de mellora do Sistema de Garantía de Calidade, así coma a memoria do título de grao e a proposta de accións de mellora. No curso 2019/2020, as datas de celebración de reunións da Xunta de Facultade, o tipo de sesión e a orde do día de cada unha de elas recóllense na seguinte táboa:

Reunións da Xunta de Facultade do curso 2019/2020	
Data e tipo de sesión	Orde do día
10/10/2019 Ordinaria	1.- Aprobación, Lectura e aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores. 2.- Informe da decana. 3. -Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de TFG. 4. -Rolda aberta de intervencións.
29/11/2019 Extraordinaria	1.- Aprobación, se procede, do Plan de Acción Titorial (PAT). 2.- Celebración do día de Santa Otilia patroa da Facultade.

<p>20/12/2019 Ordinaria</p>	<p>1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores. 2.- Informe da Sra. decana. 3. - Emisión de informes para o recoñecemento de complementos por méritos docentes 2019 (quinquenios). 4. - Rolda aberta de intervencións.</p>
<p>24/01/2020 Extraordinaria</p>	<p>1.- Aprobación, se procede, das propostas de oferta de prazas para a titulación de Grao, Dobre Grao e Máster. 2.- Aprobación, se procede, da composición do Comité Consultivo.</p>
<p>12/02/2020 Extraordinaria</p>	<p>1.- Aprobación, se procede, da proposta de PDA do Grao e Máster para o curso 2020/21.</p>
<p>15/07/2020 Ordinaria</p>	<p>1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores. 2. - Informe da Sra. decana. 3. - Aprobación, se procede, dos horarios, calendario de exames, calendario de Prácticas Tuteladas e calendario do TFG do Grao en Óptica e Optometría - curso 2020/2021. 4. - Aprobación, se procede, dos horarios, calendario de exames, calendario de Prácticas Externas e calendario de TFM do Máster en Optometría - curso 2020/2021. 5.- Aprobación, se procede, do díptico do Grao en Óptica e Optometría de dobre Grao, do díptico do Máster en Optometría e da Guía da Facultade. 6.- Aprobación, se procede, do Informe de Seguimento do Grao en Óptica e Optometría – curso 2018/2019. 7.- Aprobación, se procede, do Informe de Seguimento do Máster en Optometría – curso 2018/2019. 8.- Rolda aberta de intervencións.</p>
<p>21/07/2020 Extraordinaria</p>	<p>1.- Medidas de organización para unha docencia segura de cara ao curso 2020/2021.</p>
<p>30/07/2020 Extraordinaria</p>	<p>1.- Aprobación, se procede, da programación académica para o vindeiro curso académico 2020/2021.</p>

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratégico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Óptica e Optometría é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu plan estratégico) a facultade elabora a súa política marcando como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade, como elemento clave e estratégico, para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese. Por todo iso, esta Facultade adquire o firme compromiso de garantir a calidade e establece a súa política baixo os principios de responsabilidade, integración, participación e igualdade, orientación ao alumnado, excelencia e transparencia.

Polo tanto, a dirección desta Facultade adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal o/a Decano/a subscribe este documento de política de calidade o día 11 de xullo de 2019. Este documento está dispoñible no seguinte enlace: <https://www.usc.gal/gl/centros/opto/Calidade/Politica-de-calidade.html>

Afondando no seu compromiso coa Calidade, a Facultade de Óptica e Optometría elaborou, durante o curso 2014/2015 o seu Plan Estratégico e a Programación Plurianual (aprobados ambos pola Comisión delegada do Consello de Goberno na súa sesión do 12/07/2015) necesarios para poder

acadar os obxectivos de calidade establecidos para o período 2014-2018. A posta en marcha de todos os procesos e procedementos establecidos no SGIC permitiu superar no curso 2015/2016 a renovación da acreditación da titulación do Grao en Óptica e Optometría. Asemade, no curso 2018-19 houbo que ampliar as datas do Plan Estratéxico da Facultade ata o ano 2020 para axustalo ao Plan Estratéxico Xeral da Universidade.

O Plan estratéxico da Facultade de Óptica e Optometría divídese nos seguintes eixos estratéxicos

Eixe 1: Docencia-Investigación –Asistencia

Eixe 2: Xestión

Eixe 3: Infraestruturas

Eixe 4: Relacións coa Sociedade

A continuación detállase a evolución e grao de cumprimento dos obxectivos e liñas de actuación contempladas en cada un destes eixos

Eixe 1: Docencia-Investigación-Asistencia

Neste eixe definíronse os obxectivos estratéxicos relacionados coa docencia, a investigación e a vertente asistencial da Facultade.

O Grao en Óptica e Optometría mantén a súa relevancia, como titulación de Ciencias da Saúde que habilita para o exercicio dunha profesión regulada por lei, pola súa implantación exclusiva dentro do Sistema Universitario de Galicia e pola estabilidade da súa demanda. Neste curso houberon 290 solicitudes de matrícula que cubriron, como todos os anos, as 55 prazas ofertadas (INF.CIUG).

O Máster en Optometría, implantado no curso 2018-19, impártese no curso 2019-20 por segunda vez, contando cun total de 11 matriculados, dos cales 8 eran de novo ingreso dun total de 25 prazas ofertadas. Isto supón unha taxa de ocupación do 32% (IN12M), inferior á obtida o curso anterior (76%), polo que se require unha acción para mellorar o nivel de captación do alumnado, a pesar da demanda existente dos egresados para ampliar a súa formación. Este máster ten un carácter semipresencial, o que se xustifica na súa orientación eminentemente práctica destinada á aplicación directa nos diferentes ámbitos da empregabilidade dos profesionais que o soliciten, xa sexa na faceta de optometrista clínico ou ben nun desenvolvemento como investigador en diferentes organizacións e centros singulares de investigación.

Neste curso académico continúa a impartirse o dobre grao en Farmacia e Óptica e Optometría, cunha oferta de 10 prazas, 5 correspondentes á Facultade de Óptica e Optometría e 5 correspondentes ao Grao en Farmacia. Impártese por primeira vez o terceiro curso do dobre grao, polo que fíxose necesaria unha coordinación dos horarios entre as dúas titulacións.

Na páxina web da facultade indícase o programa de cada materia onde se mostran os obxectivos da mesma, os contidos xerais, a bibliografía recomendada, así como as competencias que o alumnado debe adquirir. Tamén se inclúe información xeral da metodoloxía da ensinanza xunto co sistema de avaliación. Toda esa información está dispoñible no seguinte vínculo:

<http://www.usc.es/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=1352>

[5&valor=9](#)

É importante sinalar que no segundo semestre deste curso ordenouse a suspensión da docencia presencial. Isto foi debido á declaración do estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, mantendo as actividades educativas a través das modalidades a distancia e online. Por causa desta situación tiveron que modificarse as programacións docentes das materias do segundo semestre, tal como se especificaba na Resolución Reitoral do 23 de marzo, nos apartados de contidos, planificación, metodoloxía e bibliografía básica para adaptalas á nova situación. Asemade, segundo o Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020, houbo que modificar o sistema de avaliación e indicalo nas programacións docentes de cada materia, onde se contemplaban as seguintes modalidades:

- Avaliación non presencial sen proba final (avaliación continua)
- Avaliación non presencial con proba final telemática

No curso 2018-19 comezouse co proceso de implantación do modelo de guía docente, no que se publicaron as guías das materias de primeiro curso do Grao en Óptica e Optometría. Non obstante, esta acción non se puido rematar neste curso, sobre todo polas complicacións derivadas da crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, onde os cambios de sistema de docencia e avaliación dificultaron poder rematala. Polo tanto, esta acción seguirá activa ata completar a implantación das guías en todos os cursos do Grao e no Máster.

En relación ao punto 1.3 do Plan Estratéxico, Programas de mobilidade, a Facultade de Óptica e Optometría mantén os convenios establecidos dende o Decanato xunto coa responsable académica de mobilidade, a prof. Eva Yebra-Pimentel, con varias universidades nacionais e estranxeiras. Na directriz 3 desta memoria detállase este aspecto.

Dentro do plan estratéxico cabe citar o punto 1.6, asistencia de atención primaria da visión, como un aspecto importante da titulación. Esta compoñente asistencial faise a través do Servizo de Optometría, centro anexo á propia Facultade, que actúa como Clínica Universitaria para ofrecer docencia práctica clínica ao alumnado con pacientes externos, facendo deste xeito unha prestación de servizos asistenciais en atención primaria visual. Na última Avaliación para a Renovación da Acreditación, a ACSUG situou o Servizo de Optometría como o eixo da formación que se ofrece ao alumnado, co fin de que estes adquiran as competencias clínicas relacionadas co seu futuro profesional. Segundo os Informes do Servizo de Optometría, víñase apreciando un aumento do número de pacientes atendidos con respecto aos últimos cursos, sendo dende o curso 2017/18 superior a 800 pacientes. Non obstante, neste curso houbo unha diminución do número de pacientes, motivada pola suspensión das clases presenciais debido á crise sanitaria da Covid-19. Deste xeito, no primeiro semestre atendéronse un total de 374 pacientes, mentres que no segundo semestre, antes do inicio do confinamento, puidéronse revisar ata un total de 75 pacientes. Tamén se revisaron 24 pacientes fóra das prácticas. A pesar da dificultade ocasionada polo Covid-19, pódese apreciar unha alta afluencia de pacientes atendidos, o que facilitou que as prácticas se impartiranse forma axeitada; sendo esencial para adaptarse aos criterios do Diploma Europeo en Optometría. De feito, este aspecto está recollido no punto 1.4 do plan estratéxico, centrado na implantación dos mecanismos necesarios para a obtención do Diploma Europeo en Optometría. Este diploma, establecido polo European Council of Optometry and Optics (ECOO) proporciona unha cualificación axeitada para a práctica clínica optométrica. Co fin de acreditarse ao Diploma Europeo é necesario rexistrar a experiencia clínica nun “portafolio” deseñado polo ECOO, no que se evidencia o número e tipo de pacientes vistos. Deste xeito cada alumno/a pode acreditar a súa experiencia clínica supervisada, así como evidenciar a realidade sobre as características de dita práctica en canto ao tipo de paciente, problema visual, etc. Na titulación véñase incorporando o uso do portafolio nas materias que se imparten no Servizo de Optometría, onde o profesorado da materia promove que o alumnado faga ese seguimento. Neste sentido estableceuse

unha acción de mellora para completar a implementación do portafolio de práctica clínica que aínda hai que rematar.

Hai que salientar que tamén se estableceron convenios para a realización de prácticas dentro de proxectos de Aprendizaxe Servizo (ApS) para a atención de pacientes de distintas tipoloxías e situación social. Non obstante, aínda queda pendente establecer convenios de colaboración con diferentes entidades así coma establecer un convenio de colaboración co SERGAS para atención primaria en visión.

Eixe 2: Xestión

Neste eixe definíronse 4 obxectivos estratéxicos. O primeiro deles centrado no Sistema de xestión de calidade, o segundo en realizar unha administración eficaz e eficiente, o terceiro relacionado coa mellora das liñas de información e o último coa organización académica do centro.

En relación ao Sistema de xestión de calidade, a definición dos obxectivos e da política de calidade do centro xa se acadaron no curso 14/15, coa elaboración do plan estratéxico e da programación plurianual.

Pola outra banda, a elaboración dos informes de seguimento dos títulos que se imparten no centro execútase cada ano e o SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas. No curso 2018-19 modificouse o SGC do centro para adaptalo ao Sistema de Garantía Xeral da Universidade.

En relación ao obxectivo 2, administración eficaz e eficiente, no centro elabórase todos os anos un estudo e priorización por áreas de gasto docente dos escasos recursos orzamentarios, cos que conta a titulación.

O obxectivo 3, dedicado á mellora das liñas de información, tamén se desenvolve anualmente, elaborando os dípticos e guías do título e coa mellora continua da páxina web.

No punto 4 relacionado coa organización académica, sinalar que a mellora da coordinación vertical e horizontal do centro estase a realizar a través de reunións periódicas dos coordinadores de cada curso académico do Grao (unha reunión o último venres de cada mes), coa coordinación do Máster e da posta en marcha do sistema de programacións docentes das materias.

Eixe 3: Infraestruturas

Neste eixe definíronse 4 obxectivos fundamentais; o primeiro dirixido a coñecer o estado das infraestruturas do centro, o segundo e o terceiro dirixidos a mellorar as infraestruturas das aulas, gabinetes e laboratorios do centro e o cuarto á mellora e ampliación das instalacións específicas asistenciais do centro.

Para poder alcanzar estes obxectivos, é fundamental unha análise do estado xeral das infraestruturas da facultade, tanto para as destinadas á docencia, investigación e as de uso xeral. A análise sobre as infraestruturas docentes realízase a través das enquisas de satisfacción do profesorado coa docencia impartida.

A renovación de todo o material obsoleto dos laboratorios de prácticas da titulación é un dos obxectivos prioritarios do noso plan estratéxico, pero a dotación orzamentario do centro é totalmente insuficiente para poder acadar esta meta a curto prazo.

Por outra banda, existen accións de mellora que son necesarias para rematar esta acción estratéxica, como a renovación dos medios de proxección das aulas, a mellora das instalacións eléctricas do centro para dotar ás aulas de conexións para dispositivos portátiles, mellora da cobertura WIFI e a dotación dun sistema de videoconferencia para a Aula Magna. De feito, no curso 2018-19 ampliouse

a conexión wifi naquelas localizacións onde foi necesario, como é o caso da Sala de Xuntas.

Neste curso, en relación á planificación da docencia semipresencial do curso 2020-21 debido á Covid-19, adquiríronse equipos informáticos e multimedia para reforzar as reunións telemáticas. Do mesmo xeito, aprobouse a dotación das aulas co equipamento necesario para garantir unha axeitada docencia semipresencial.

Eixe 4: Relacións coa Sociedade

Neste eixe definíronse 4 obxectivos: Incrementar as relacións coas empresa, establecer mecanismos de interacción co alumnado, establecer mecanismos de interacción cós egresados e por último, difundir a cultura profesional.

Para acadar estes obxectivos, a Facultade colaborou, cedendo ás súas instalacións, na realización das seguintes actividades de difusión da Ciencia e da Investigación integradas dentro do Plan de Acción Titorial (PAT):

- **9-10-11-12/12/2019** - Semana da Optometría. Accións de divulgación da profesión realizadas polo alumnado e coordinadas polo Decanato da Facultade.
- **20/11/2019** – Xornada Informativa Programas de mobilidade estudantil. Erasmus. Impartido pola decana, a responsable académica de mobilidade e a responsable da unidade de xestión. Aula Magna 10:00 h.
- **20/12/2019** – Como afrontar e convivir cunha capacidade visual diminuída. Pacientes con baixa visión. Actividades Formativas Extracurriculares en Óptica e Optometría, impartidas polo profesor Adrián Pérez Baladrón. Materia *Manexo Optométrico da Baixa Visión* (Máster). Aula Magna 16:00 h.
- **21/11/2019** – Charla-coloquio organizada pola empresa Optiwiss. Actividades Formativas Extracurriculares en Óptica e Optometría. Materia Óptica Oftálmica. Aula Magna 12:30 a 14:00 h.
- **27/11/2019** – II Feira da Innovación. Organizada pola Vicerreitoría de Planificación e Proxección Estratéxica. A Facultade de Óptica e Optometría participou representando as titulacións da área de Ciencias da Saúde. 09:30 - 12:00 h e de 12:00 – 15 h.
- **03/12/2019** – Aula Magna 16:00 a 20:00 h. Mesa debate “A percepción social do cambio climático” – organizador José Antonio Rodríguez Añón.
- **12/12/2019** – 12:30 h. Acto de celebración da patroa da Facultade de Óptica e Optometría, no que se recoñeceu a traxectoria profesional de D. Enrique Valcárcel, ex-presidente do Colexio Profesional de Ópticos e Optometristas.
- **18/12/2019** – Charla informativa sobre as Prácticas Tuteladas. Organizada polo Decanato da Facultade de Óptica e Optometría. Aula Magna 18:00 h
- **18/12/2019** – Charla informativa sobre o Traballo Fin de Grao. Organizada polo Decanato da Facultade de Óptica e Optometría. Aula Magna 18:45 h

- **31/01/2020** – Aula Magna 16:00 a 20:00 h. Mesa debate sobre temas de cambio climático – organizador José Antonio Rodríguez Añón.
- **21/02/2020** – Xornada de Orientación para o alumnado de 4º curso. Organizadas polo Decanato da Facultade de Óptica e Optometría. Participaron a Decana da Facultade, o Presidente do Colexio de Ópticos-Optometristas de Galicia e a asociación de antigos alumnos de USC Alumni-USC. Sala de Xuntas
- **03/03/2020** – Aula Magna 15:00 a 20:00 h. Actividades Formativas Metodoloxía e Aprendizaxe-Servizos.
- **24/04/2020** – “Vías de formación despois do Grao en Óptica e Optometría.” Xornadas online de orientación de postgrao, organizadas polo alumnado de cuarto curso de grao e egresados/as da Facultade de Óptica e Optometría. Nestas xornadas tamén colaboraron a decana e un profesor da Área de Optometría. Reunión online mediante TEAMS 11:00 h.

En relación á evolución do proceso de elaboración, desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro, hai que salientar que para o curso 2019/2020 o plan de melloras proposto contiña oito accións de mellora, derivadas dos autoinformes de seguimento do Grao e o Máster, onde catro das accións de mellora eran as mesmas para as dúas titulacións. Temos que salientar que debido á situación da Covid-19 houbo a necesidade de dirixir a maioría dos recursos na organización da docencia non presencial e a modificación das programacións docentes. Asemade, foi necesaria unha planificación da docencia semipresencial de cara ao próximo curso 2020-21, polo que as accións de mellora contempladas para este curso non se puideron rematar.

- **AM-1 (Grao).** Estudo e diagnose dos axustes necesarios para a planificación docente da titulación e dos recursos humanos da Área de Optometría, óptimos para impartila.
- **AM-1 (Máster).** Estudo e diagnose dos axustes necesarios na planificación docente da titulación e dos recursos humanos da Área de Optometría, óptimos para impartila.

Aínda que se cobren todas as horas de docencia, segundo están establecidas na memoria verificada do título do grao e máster, compre salientar que segue a haber necesidades de profesorado con capacitación profesional para acadar os niveis de docencia práctica esixidos para a obtención do Diploma Europeo do Título. Segue pendente a recuperación das horas de prácticas clínicas que foron, no seu día, substituídas por horas de docencia interactiva de seminarios, nas materias mais especializadas e profesionalizantes do Grao; todas elas da Área de Optometría (Optometría I, Optometría II, Optometría III e Optometría IV; Contactoloxía I e Contactoloxía II; Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II e Clínica Optométrica III). Isto debeuse á falta de profesorado na Área de Optometría no momento da implantación do Grao. No informe final da renovación da acreditación sulñaron que había que repoñer, o antes posible, as horas asignadas ás prácticas clínicas e con iso garantir a adquisición por parte do estudiantado de todas as competencias e, especialmente, aquelas que teñan un claro compoñente profesional no ámbito da Optometría.
- **AM-2 (Grao).** Elaboración e implantación dun modelo de guía docente xeral para o grao e a súa particularización para cada materia e modificación da memoria vixente do título.
- **AM-2 (Máster).** Elaboración e implantación dun modelo de guía docente xeral para o grao e a súa particularización para cada materia e modificación da memoria vixente do título.

Continúase coa implementación das guías docentes de maneira progresiva.

- **AM-3 (Grao).** Análise do estado do material docente e establecemento de criterios para a súa renovación.
- **AM-3 (Máster).** Análise do estado do material docente e establecemento de criterios para a súa renovación.

A Facultade conta coas infraestruturas necesarias para impartir a docencia do Grao e o Máster. O presuposto do centro fixo necesario o desenvolvemento dun procedemento de priorización do gasto. Anualmente o Decanato abre un prazo de solicitudes de material de prácticas para o profesorado e as súas propostas son analizadas e priorizadas pola Comisión de AA. Económicos do Centro. Dende o ano 2018 séguense uns criterios de reparto do orzamento baseándose nas horas de docencia práctica, número de alumnos/as e número de grupos de prácticas. Estes criterios aplícanse a cada materia, organizándose a súa vez polos espazos onde se realizan as prácticas. O que permite ir repoñendo e/ou dotando de equipos actualizados na medida que a limitación do presuposto o permita. Ademais da adquisición do material necesario para as prácticas, neste curso académico, adquiriuse material multimedia (cámaras e micrófonos) para garantir as reunións semipresenciais.

- **AM-4 (Grao).** Realizar un seguimento da taxa de abandono do título, adoptando as medidas necesarias en función dos resultados dese estudo.

Neste curso houbo un aumento notable da taxa de abandono (32,20%) con respecto ao curso anterior, situándose en valores similares ao curso 2015/16 (33,90%). Aínda que esta titulación conta cunha boa taxa de ocupación (101,82%), que indica a capacidade de captación do alumnado, non se debe deixar de lado a posible perda de alumnado por abandono, sobre todo se este indicador aumenta nos futuros cursos. Esta taxa de abandono podería estar relacionada coa orde de preferencia de acceso do alumnado á USC. De feito, para este curso establecerase unha acción de mellora para realizar un seguimento da taxa de abandono do título, onde se fixeron enquisas ao alumnado de 1º curso para coñecer a súa preferencia de acceso coa colaboración do alumnado titor no seguimento/orientación. Esta acción deberá continuar no vindeiro curso académico.

- **AM-5 (Grao).** Elaboración e implantación do portafolio de práctica clínica nas materias que se imparten no Servizo de Optometría.

O Diploma Europeo en Optometría, establecido polo European Council of Optometry and Optics (ECOO) proporciona unha cualificación axeitada para a práctica clínica optométrica. Para a acreditación co Diploma Europeo é necesario rexistrar a experiencia clínica nun "portafolio" deseñado polo ECOO, no que se evidencia o número e tipo de pacientes vistos. Nesta titulación véñse incorporando o uso de portafolio nas materias que se imparten no Servizo de Optometría, onde o profesorado da materia promove que o alumnado faga ese seguimento. Neste sentido estableceuse unha Acción de Mellora para completar a implementación do portafolio de práctica. Esta acción de mellora hai que continuala no vindeiro curso para completar a súa implementación.

- **AM-6 (Grao).** Implantar medidas para incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción.
- **AM-6 (Máster).** Implantar medidas para incrementar a participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción.

Aínda que se implementaron medidas para incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción da docencia recibida, é necesario continuar reforzándoa. Do mesmo xeito débese mellorar a participación nos restantes grupos de interese, así como nas enquisas de satisfacción

da titulación, na que a participación é máis baixa.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O actual programa formativo das titulacións do Grao en Óptica e Optometría e do Máster en Optometría correspóndese con cada memoria verificada, e no caso do Grao, coas posteriores modificacións que foron incorporadas nos informes de seguimento, o que garante a adquisición por parte do alumnado das competencias recollidas nela.

Actualmente na páxina web da facultade indícase o programa de cada materia, do Grao e do Máster, onde se mostran os obxectivos, contidos xerais, bibliografía recomendada, así como as competencias que o alumnado debe adquirir. Tamén se inclúe información xeral da metodoloxía da ensinanza xunto co sistema de avaliación. Toda esa información está dispoñible na seguinte ligazón: <http://www.usc.es/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9>

Con respecto ao Grao en Óptica e Optometría a media de alumnado matriculado en materias de formación básica e obrigatorias por grupo de teoría (IN55G) neste curso foi de 60,06, lixeiramente inferior á do curso 2018-19 (62,97), e moi inferior á media da Área de Ciencias da Saúde (92,12). En relación ás materias optativas, a media de alumnado matriculado por grupo de teoría (17,42) tamén foi lixeiramente inferior ao do curso 2018-19 e moi inferior á media da Área en Ciencias da Saúde (36,47). Pódese dicir que o tamaño dos grupos das clases de teoría son moi reducidos, se temos en conta outros graos da USC.

En relación ao número de alumnos/as por grupo de docencia interactiva, indicar que neste curso a media foi de 15,79 alumnos/as por grupo tal como vén dado polo indicador IN32G. Sinalar que no Grao temos grupos de docencia interactiva de prácticas con módulos de 20, 10 e 5 alumnos/as dependendo do carácter non clínico, preclínico ou clínico das materias. Na táboa 1 móstrase a evolución deste indicador dende o curso 2013-14 segundo o tipo de docencia interactiva:

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Grupos clínicos	7,86	7,36	7,36	7,34	8,31	7,39	6,98
Grupos de laboratorio	22,75	21,54	23,23	18,96	23,08	19,39	18,19
Grupos de seminario	29,27	30,79	32,46	30,58	30,72	30,39	27,97
Total	18,14	17,51	18,51	17,00	18,70	16,90	15,79

Táboa 1. Media de alumnos/as por grupo de docencia interactiva (IN32G)

Pódese afirmar que o número de alumnos/as nos grupos de interactivas, en relación ao curso pasado, experimentou unha lixeira diminución nos grupos de laboratorio, moi pequena nos grupos clínicos, e practicamente inapreciable nos grupos de seminario. Obsérvase que en relación aos grupos clínicos, no Grao en Óptica e Optometría hai materias preclínicas que teñen grupos de 10 alumnos/as, mentres que as materias clínicas impartidas no Servizo de Optometría, onde se examina a pacientes, os grupos están formados por 5 alumnos/as, sendo este o número máximo desexable para unha correcta docencia deste tipo. Polo tanto este indicador volveuse calcular separando as materias preclínicas das clínicas, obtendo un valor de 10,29 alumnos/as por grupo de docencia interactiva para as materias preclínicas e un valor de 5,4 alumnos/as por grupo de docencia interactiva para as materias clínicas.

En canto ao curso ponte, este foi o último curso onde o alumnado podía superar as materias pendentes, tal como se acordou na Xunta de Facultade do 30 de xaneiro de 2018. Finalmente, no curso 2019/2020 matriculáronse 14 alumnos/as.

Con respecto ao Máster en Optometría, a media de alumnado matriculado en materias obrigatorias por grupo de expositivas (IN55M) foi de 7,50, claramente inferior á obtida no curso 2018-19 (7,5) e á media da USC (18,13). Por outra banda, a media de alumnado matriculado en materias optativas por grupo de expositivas foi de 3,47, tamén inferior á do curso anterior (8,13) e á media obtida da USC (6,81).

Nesta Facultade realízanse procedementos de coordinación para a revisión dos programas formativos das titulacións que nela se imparten. De feito, dende a súa implantación, no Grao en Óptica e Optometría existe a figura de coordinador/a do Grao e coordinadores/as de curso, que se reúnen unha vez ao mes para analizar as posibles incidencias na docencia da titulación, así como tratar temas como a revisión das programacións das materias de cara ao seguinte curso académico. En xeral, antes da declaración do estado de alarma non se detectaron incidencias significativas no desenvolvemento dos diferentes cursos. Asemade a coordinadora do Grao en Óptica e Optometría mantivo diversas reunións co alumnado titor do curso 2019-20, co fin de planificar e coordinar a súa actuación, que basicamente consistiu en informar sobre cuestións relacionadas coa titulación (materias impartidas, contidos, etc.) principalmente a alumnado de primeiro curso. Tamén lles deron información sobre os servizos da Facultade, sobre todo do Decanato e do Servizo de Optometría.

No segundo semestre, a raíz da suspensión da actividade docente presencial no ámbito da USC pola COVID-19, dende o Decanato da Facultade de Óptica e Optometría realizáronse diferentes accións de cara a garantir a docencia non presencial das materias de segundo semestre do Grao en Óptica e Optometría. Para tal fin, mantívose informado a todo o profesorado das diferentes resolucións reitorais ao respecto, con indicacións sobre a actualización das programacións docentes, e cunha total dispoñibilidade para resolver as posibles dúbidas e

incidencias que puideran xurdir. Así mesmo, con data do 23/03/2020, dende o Decanato enviouse ao profesorado documentos informativos de axuda para a docencia a través do Campus Virtual, por se lle puideran ser de utilidade, tales como consellos para gravar vídeos co móbil, facer tutoriais, e sobre programas axeitados para a gravación de vídeos.

Con data do 27/03/2020 reuniuse por videoconferencia a Comisión de Título do Grao en Óptica e Optometría, para tratar o desenvolvemento da docencia online do 2º semestre do curso 2019/2020. Trala análise da situación, acordouse remitir ao profesorado (correo electrónico - 30/03/20), as seguintes indicacións/recomendacións para o desenvolvemento da docencia en remoto:

- Na medida do posible e dependendo da dispoñibilidade de equipos do profesorado, considerábase importante e incluso imprescindible, manter unha comunicación frecuente e fluída co alumnado, o que se podía realizar a través do foro da aula virtual da materia; tratábase de que o alumnado percibira que a docencia continuaba.
- Recomendábase estar dispoñible para o alumnado no horario de docencia habitual; ben a través da aula virtual para responder no foro, ou para impartir a docencia en remoto, por exemplo, utilizando TEAMS.
- Envióuselle tamén un correo ao alumnado sobre este tema, pedíndolle que actuara con responsabilidade, o que suporía facer un esforzo para adaptarse a este tipo de docencia, participando e implicándose nela.

Ao longo dese período, o alumnado estivo permanente informado de todas as novas e normativas que ía emitindo á Reitoría, a través do foro de coordinación da titulación e/ou a través do correo de alumnos/as titores/as, como a *Resolución Reitoral do 27 de marzo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e convócanse axudas, no réxime de concorrencia non competitiva, para facilitar o desenvolvemento da docencia virtual do alumnado na USC polo Covid-19*. Asemade achegáronse as indicacións/recomendacións para o profesorado que se acordaron na Comisión de Título para o desenvolvemento da docencia en remoto. Mantívose en todo momento contacto co alumnado, cun primeiro correo con data do 21 de marzo e outros posteriores, co fin de facer un seguimento da docencia nas diferentes materias.

De cara a tratar todas as cuestións expostas, as coordinadoras de curso e maila coordinadora de Grao, abordaron as situacións particulares e puxéronse en contacto co profesorado en cuestión, e promovéronse reunións por videoconferencia co profesorado de cada un dos cursos.

Cabe resaltar que dende a implantación do Dobre Grao en Farmacia e Óptica e Optometría fíxose necesaria unha coordinación para a elaboración dos horarios entre as dúas titulacións. No momento do deseño dos horarios lectivos do grao tense en conta ao alumnado do dobre grao, para o que se convocan reunións coa coordinadora do dobre grao co fin de que os horarios sexan o mais axeitados posible.

O Máster tamén conta con mecanismos de coordinación para garantir o bo desenvolvemento da docencia. Existe a figura de coordinador/a do Máster, que se reúne de forma periódica cos coordinadores das materias e co alumnado, para analizar as posibles incidencias na docencia e tratar temas como a revisión das programacións das materias. En xeral, as reunións de coordinación realízanse cada vez que son necesarias, aínda que a programación destas teñen como referencia as datas esenciais para o transcurso do programa formativo, tal como marca o calendario académico da USC (inicio e finalización do período docente, composición de tribunais TFM, reclamacións, etc.).

Sinalar que a materia “Manexo Optométrico da baixa visión” non se puido ofertar no curso 2018-19 por falta de profesorado especializado. No 2019/2020 xa se contou co profesorado requirido para poder impartila.

Hai que salientar que o Máster en Optometría ten un carácter semipresencial, o que se xustifica na súa orientación eminentemente práctica destinada á aplicación directa nos diferentes ámbitos da empregabilidade

dos profesionais que o soliciten, xa sexa na faceta de optometrista clínico ou ben nun desenvolvemento como investigador en diferentes organizacións e centros singulares de investigación.

Considerando o Grao en Óptica e Optometría, o curso 2019-20 supón o décimo ano despois da implantación do Grao. No seu inicio, ofertábanse 60 prazas (IN01G) para alumnado de novo ingreso en primeiro curso de Grao, aínda que dende o curso 2017-18 pasouse a ofertar 55 prazas, o que se mantivo nos cursos 2018-19 e 2019-20 (táboa 2). Esta redución de prazas foi motivada co fin de reservar 5 para o Dobre Grao en Farmacia e Óptica e Optometría.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
IN01	60,00	60,00	60,00	60,00	55,00	55,00	55,00

Táboa 2. Número de prazas ofertadas para cada curso académico (IN01)

Segundo o indicador IN03G, 62 alumnos/as iniciaron os seus estudos por primeira vez, incluíndo tamén ao alumnado que traslada expediente, accede por validación parcial de estudos estranxeiros ou que se adapta dende plans en extinción.

Segundo os datos da CIUG (INF.CIUG), dos 56 alumnos/as matriculados/as no primeiro curso, 46 alumnos/as accederon desde o Bacharelato, 9 desde formación profesional e 1 da cota de maiores de 25 anos.

A procedencia do alumnado de nova matriculación era maioritariamente de Galicia (53 alumnos/as), sendo 27 alumnos/as procedentes de A Coruña, 18 de Pontevedra e 4 das restantes provincias. 1 alumno era doutra comunidade e outro estranxeiro da Unión Europea.

Atendendo ás solicitudes, no curso 2019-20 o número de solicitudes de praza en primeiro de Grao foi de 290, das cales 253 corresponderon a alumnos/as de bacharelato, 31 de Formación profesional, 1 a titulados universitarios, 1 a maiores de 25 anos, 3 deportistas de alto nivel e 1 a discapacitados/as. O 100% das prazas de novo ingreso foron ocupadas (INF.CIUG) na 4ª chamada. É de salientar que o 46,4% dos matriculados escolleron o Grao en Óptica e Optometría como primeira opción, seguido dun 16,1% e un 14,3% que a escolleu como terceira e segunda opcións, respectivamente. Na mesma liña, o indicador IN10G mostrou que a relación de estudantes preinscritos en 1ª opción e matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas é dun 45,45%, dato superior ao curso anterior (40%) o cal se viña replicando dende o curso 2016-2017. Isto supón un bo reflexo da capacidade de captación de alumnos/as, e indirectamente, do grao de vocación do alumnado desta titulación.

A porcentaxe de alumnos/as matriculados/as sobre prazas ofertadas en 1º de Grao (IN12G) é do 101,82 %, superior ao do curso pasado (98,18%). Por outra banda, a nota media de acceso por preinscripción para este ano é de 9,25 puntos, lixeiramente inferior ao do curso pasado (9,57), sendo o segundo valor de nota de acceso máis alto dende o curso 2012-13 (táboa 3). Asemade é importante sinalar que o 100% do alumnado accedeu ao Grao cunha nota media superior a 6, o que vén ocorrendo dende o curso 2013-2014 (IN07G)

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
IN06G	8,10	8,16	8,78	9,09	9,57	9,57	9,25

Táboa 3. Nota media de acceso por preinscripción (IN06G)

En relación ao Máster en Optometría, o perfil de ingreso e formación previa requirida, que habilita para o acceso ao Máster en Optometría, vai dirixido principalmente a graduados/as en Óptica y Optometría, Bioloxía, Farmacia, Medicina, e en xeral perfiles de ciencias da saúde.

Procedemento específico para acceder ao Master en Optometría

A admisión dos candidatos realízase usando os seguintes criterios:

- Ponderación do expediente académico 60%
- Afinidade da formación previa 10%
- Experiencia profesional 15%
- Experiencia docente e investigadora 10%
- Outros méritos 5%

O sistema de admisión do alumnado realízase de acordo cos criterios e procedementos establecidos no Regulamento de Posgrao Oficial da USC seguindo os principios de obxectividade, imparcialidade, mérito e capacidade. Dirección URL:

<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrodoces/eees/descargas/rglestudosoficiaisposgrao.pdf>

A Comisión Académica do máster ten as competencias en materia de admisión tal como se establece na normativa da USC:

<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrodoces/eees/descargas/rdesreguestudosposgrao.pdf>

O curso 2019-20 supón o segundo ano da implantación do Máster en Optometría, no que se matricularon 8 alumnos/as dun total de 25 prazas ofertadas, obtendo unha taxa de ocupación do 32% (IN12M). En relación á titulación de acceso dos/as matriculados/as, 7 accederon co Grao en Óptica e Optometría da USC, mentres que 1 era da Diplomatura en Óptica e Optometría. A nota media de acceso por preinscrición foi de 7,55, superior á do curso anterior (7,19) onde o 100% do estudiantado accedeu ao título con nota media maior ou igual a seis.

O número total de estudantes do título (IN02M) era de 11 alumnos/as, e a súa procedencia era maioritariamente de Galicia (9 alumnos/as). A Coruña e Pontevedra eran as provincias con maior representación de alumnado matriculado (4 alumnos/as por provincia), seguindo de Lugo (1 alumno/a). Finalmente houberon 2 alumnos procedentes de fóra de Galicia, concretamente de Aragón e Castela e León. Ningún alumno era estranxeiro.

Os resultados de aprendizaxe deben garantir que os estudantes acaden os obxectivos do programa formativo, sempre en coherencia con perfil de egreso e de xeito que os titulados acaden os resultados de aprendizaxe previstos na memoria. Para a valoración destes resultados faise uso dos indicadores pertinentes que se detallan a continuación para as titulacións que se imparten nesta Facultade.

A Taxa de rendemento do título (IN34G) mide a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon. Obsérvase un claro aumento en relación aos cursos anteriores, o que pode ser debido ás características da docencia e da avaliación online, onde se tratou que a situación excepcional do confinamento non prexudicara ao alumnado (táboa 4).

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
IN34G (%)	78,95	79,60	73,81	80,72	79,14	80,61	91,58

Táboa 4. Taxa de rendemento do título de Grao en Óptica e Optometría (IN34G)

Con respecto ao Máster en Optometría, a Taxa de rendemento do título (IN34M) foi dun valor de 97,92 %, superior ao curso anterior (94,24 %).

Cando se obtén a Taxa de éxito do título (IN35G), definida como a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron, tamén se observa un incremento dos resultados con respecto aos cursos anteriores e á taxa de

rendemento (táboa 5).

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
IN35G (%)	87,00	87,53	85,13	87,29	85,06	87,66	95,04

Táboa 5. Taxa de éxito do título de Grao en Óptica e Optometría (IN35G)

En relación ao Máster, a taxa de éxito (IN35M) tamén obtivo obtívose o máximo valor (100%), superando o obtido o curso 2018-19 (98,57%).

A taxa de graduación (IN37G), definida coma a relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso, foi dun 61,02% para a titulación de Grao en Óptica e Optometría e maior co curso anterior, o que supón un cambio de tendencia, xa que dende o curso 2016-17 este indicador diminuía cada ano. Isto indica que un 38.98% do alumando rematan os estudos máis tarde do que correspondería. Segundo o indicador da duración media dos estudos (IN38G), o alumnado supera os créditos do plan de estudos do Grao en Óptica e Optometría nun promedio de 4,6 anos. Aínda que é lixeiramente superior á duración do grao, pódese dicir que o alumnado completa os estudos de grao nun tempo razoable.

En relación ao Máster en Optometría, o indicador da duración media dos estudos (IN38G) sinala que o alumnado supera os créditos do plan de estudos do Máster en Optometría nun promedio de 1,25 anos, o que se axusta á duración do título. Hai que salientar que 2 alumnos/as cursaron os estudos na modalidade de tempo parcial. En relación á media da USC este tempo é máis longo (1,47 anos) . Apréciase un bo grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica.

É importante examinar o grao de satisfacción, necesidades, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ás titulacións que se imparten nesta Facultade, deste xeito pódese acreditar que se fan accións para a mellora dos programas formativos. Non obstante, a porcentaxe de participación nestas enquisas difire entre os diferentes grupos de interese das titulacións que se imparten na facultade. Ademais, por mor da Covid-19, non se elaboraron as enquisas de satisfacción dos/das titores/as coas prácticas externas, nin do alumnado egresado.

En relación aos resultados da enquisa do profesorado sobre a titulación de Grao en Óptica e Optometría, indicar que a participación deste colectivo foi dun 24,53%. A valoración global do profesorado coa titulación foi de 4,04 sobre 5, e atendendo á valoración dos aspectos individuais da enquisa obtivéronse os seguintes resultados:

- En relación aos ítems que avaliaban o apoio á docencia, 3 dos 6 ítems obtiveron una valoración por enriba de 4. Os ítems menos valorados foron os referidos a se os recursos educativos dispoñibles eran axeitados e ao estado do equipamento das aulas, obtendo una puntuación de 3,69 sobre 5. Pola contra, o ítem que acadou a maior puntuación, do mesmo xeito que no curso anterior, foi o que valoraba a atención prestada polo persoal de administración e servizos, obtendo una puntuación de 4,77 sobre 5. Os ítems que valoraban a calidade da información do título e a utilidade do campus virtual obtiveron unha puntuación maior ou igual que 4.
- No referente aos aspectos académicos da titulación, 6 dos 8 ítems polos que se preguntaba ao profesorado obtiveron una valoración por enriba de 4. Do mesmo xeito co curso 2018-19, o ítem menos valorado foi o referente a se os docentes estaban coordinados na organización do título, obtendo una puntuación de 3,31 sobre 5. Pola contra, o ítem que acadou a maior puntuación, e de forma similar ao curso anterior, foi o que valoraba o calendario de probas de avaliación, obtendo una puntuación de 4,31 sobre 5. Os restantes ítems, que valoraban os horarios, a formación das competencias do alumnado, a distribución da carga de traballo e a organización da titulación, obtiveron unha valoración igual ou superior a 4.

- Finalmente, no referente aos aspectos da enquisa relacionados co alumnado, os 5 ítems obtiveron unha puntuación de 4 ou maior. Os menos valorados foron os que avaliaban se o alumnado acudía con regularidade ás clases e o grao de implicación coa titulación, obtendo una puntuación de 4 sobre 5. Pola contra, o ítem que acadou a maior puntuación, e de forma similar ca no curso 2018-19, foi o que valoraba se o alumnado estaba satisfeito coa titulación, obtendo una puntuación de 4,36 sobre 5. Os restantes ítems, que valoraban se o alumnado cumpría coa planificación académica, e se estaba implicado/a e satisfeito/a coa titulación, obtiveron unha valoración entre 4 e 4,23 sobre 5.

En relación á enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, a valoración global foi de 3,51 sobre 5. Non obstante, hai que salientar que a participación deste colectivo foi moi baixa (8,97%), polo que os resultados non son consistentes. Se atendemos á valoración dos aspectos individuais, na enquisa obtivéronse os seguintes resultados:

- No referente ao apoio e orientación ao alumnado, tan só 2 dos 7 ítems polos que se pregunta ao alumnado obtiveron una valoración igual ou superior a 4, que foron os máis valorados, os cales avaliaban a orientación laboral e profesional recibida no centro (4) e os trámites de matriculación (4,15). O ítem menos valorado foi o referente a se as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro eran axeitados, obtendo una puntuación do alumnado de 2,69 sobre 5. Os restantes ítems que valoraban a información e recursos educativos dispoñibles, a atención do persoal de administración e servizos, e a utilidade do campus virtual para as xestións académicas obtiveron unha valoración entre 3 e 3,85 sobre 5. Como xa se comentou antes, a participación desta enquisa foi moi baixa, polo que estes valores débense tomar unicamente como referencia. Para este curso comezáronse a adoptar medidas encamiñadas a mellorar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, facendo máis visible e fácil o acceso á enquisa dende a aula virtual e da propia páxina web da Facultade e outras accións mais directas. Non obstante, a situación excepcional por mor da Covid-19, dificultou estas accións.
- En relación aos aspectos formativos, todos os ítems obtiveron un valor entre 3,23 e 3,92 sobre 5. Os máis valorados foron os que incidían no deseño do calendario de probas de avaliación (3,92) e os horarios do curso (3,77), mentres que o ítem menos valorado foi o referente á organización da titulación (3,23). Hai que salientar que todos os ítems obtiveron unha valoración superior á do curso anterior, pero débese insistir en que a escasa participación na enquisa fai que os resultados non sexan consistentes.

Respecto á enquisa de satisfacción dos/das titores/as externos/as de prácticas externas, neste curso non se puido obter ningunha valoración debido á Covid-19. Tan só recordar que no curso anterior este colectivo mostrábase satisfeito coa práctica realizada polo alumnado, como se apreciaba no indicador de satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas (IN20), cun valor de 4,15 acadado no curso 2018-19.

En relación ao Máster en Optometría, a enquisa do profesorado sobre a titulación, obtivo unha participación do 18,18%, inferior ao curso anterior (22,22%). A valoración global do profesorado coa titulación foi de 4,04 sobre 5, e atendendo á valoración dos aspectos individuais da enquisa obtivéronse os seguintes resultados:

- No referente ao apoio á docencia, 3 dos 6 ítems obtiveron una valoración por enriba de 4. O ítem menos valorado foi o referido a se os recursos educativos dispoñibles eran axeitados, obtendo una puntuación de 3,67 sobre 5. Pola contra, o ítem que acadou a maior puntuación, do mesmo xeito que no curso anterior, foi o que valoraba a atención prestada polo persoal de administración e servizos, obtendo una puntuación de 4,50 sobre 5. Os ítems que valoraban a calidade da información do título, a utilidade do campus virtual e o estado do equipamento das aulas obtiveron unha puntuación entre 3,83 e 4,17 sobre 5.

- En relación aos aspectos académicos da titulación, 5 dos 8 ítems polos que se preguntan ao profesorado obtiveron una valoración igual ou maior que 4. Os ítems menos valorados foron os relativos a se os docentes estaban coordinados na organización do título e se a titulación estaba equilibrada nos contidos teóricos e prácticos, cunha puntuación de 3,67 sobre 5. Pola contra, o ítem que acadou a maior puntuación, e de forma similar ao curso anterior, era o que valoraba o calendario de probas de avaliación, e se os horarios eran axeitados, obtendo una puntuación de 4,33 sobre 5. Os restantes ítems, que valoraban, a formación das competencias do alumnado, a distribución da carga de traballo e a organización da titulación, obtiveron unha valoración entre 3,83 e 4,17 sobre 5.
- Finalmente, no referente ao alumnado, todos os ítems polos que se preguntan ao profesorado obtiveron una valoración por enriba da media da USC. Os ítems menos valorados foron o referente a se o alumnado cumpría coa planificación académica e o grao de satisfacción xeral coa titulación. Ámbolos dous ítems obtiveron unha puntuación de 3,83 sobre 5. Pola outra banda, o ítem máis valorado foi o referente a se o alumnado acudía con regularidade ás clases.

En relación á enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, a participación deste colectivo foi dun 20%, superior ao curso anterior (11,11%). A súa valoración global coa titulación foi de 4,28 sobre 5, e atendendo á valoración dos aspectos individuais da enquisa obtivéronse os seguintes resultados:

- No referente ao apoio e orientación ao alumnado, os 7 ítems polos que se pregunta ao alumnado obtiveron una valoración igual ou maior que 4, onde os máis valorados estaban relacionados coas infraestruturas e materiais dispoñibles e coa utilidade do campus virtual, obtendo unha puntuación máxima de 5 puntos. O ítem menos valorado foi o que facía referencia á información dispoñible da titulación, cunha puntuación de 4 sobre 5.
- En relación aos aspectos formativos, todos os ítems, excepto 1, obtiveron unha puntuación igual ou maior que 4. Os ítems menos valorados foron os relacionados coa oferta do TFM (3,50), mentres que os máis valorados foron os que analizaban a distribución da carga de traballo, o calendario de avaliación e a xestión do TFM, obtendo unha puntuación de 4,50 sobre 5.

Respecto á enquisa de satisfacción dos/das titores/as externos/as de prácticas externas, este curso non se puido obter ningunha valoración debido á Covid-19. Tan só recordar que no curso anterior este colectivo mostrábase satisfeito coa práctica realizada polo alumnado, como se apreciaba no indicador de satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas (IN20M), cun valor de 3,20 acadado no curso 2018-19.

En relación ás queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación, non houbo incidencias importantes que salientar no desenvolvemento do curso. Só hai que sinalar a reclamación interposta polo alumnado de 3º curso do Grao en Óptica e Optometría en relación ás **prácticas clínicas** da materia **Enfermidades Oculares I**. Alegábase o seguinte:

- Non se ofertaba ningunha praza no Complexo Hospitalario da Universidade de Santiago (CHUS)
- Non había oferta en todas as provincias da Comunidade para o alumnado de fóra.
- O Custe económico para desprazamento e aloxamento era con cargo ao alumnado, cando se trata de prácticas curriculares obrigatorias.
- Pouca duración das prácticas para unha aprendizaxe de calidade.

A decana reuniuse co alumnado para indicarlles que traballará sobre este asunto coa vicerreitora de Organización Académica para mellorar a organización de ditas prácticas, que dependen do SERGAS, polo que o Centro só se pode ater a oferta que realizan os hospitais. Tivo conversas co vicerreitor de profesorado e co director de departamento de Cirurxía, nas que se contemplou a posibilidade de crear un PAC para impartir a docencia de ditas prácticas clínicas. Neste curso non se recibiu ningunha reclamación relacionada co título de Máster en Optometría.

Non houbo ningunha outra reclamación relacionada con ningún dos procesos cuxa xestión depende do centro e nas que se aplicaría a normativa xeral de USC e a propia da Facultade (Regulamento de prácticas tuteladas, regulamento de réxime interno).

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todos os procesos desenvólvense de acordo coa normativa propia da USC e da Facultade de Óptica e Optometría.

Na páxina web da Facultade de Óptica e Optometría (<https://www.usc.gal/gl/centros/opto/index.html>) pódese consultar toda a normativa que rexe o Grao en Óptica e Optometría e o Máster en Optometría recollida na seguinte páxina (<https://www.usc.gal/gl/centros/opto/normativa/Normativa-da-facultade.html>).

Nese enlace pódese atopar o regulamento de réxime interno

(<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/opto/Regulamento-R.-Interno-Fac.-Optica-e-Optometria-19.pdf>)

No referente ás Prácticas Tuteladas do Grao, na páxina web da facultade pódese atopar toda a normativa que rexe estas prácticas

(<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/opto/descargas/practicastuteladas/NORMAS-PRACTICAS-TUTELADAS-definitivo-corregido-3-julio.pdf>)

No referente ás Prácticas Externas do Máster, na páxina web da facultade pódese atopar toda a normativa que rexe estas prácticas

(<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/opto/descargas/practicastuteladas/NORMAS-PRACTICAS-TUTELADAS-definitivo-correctivo-3-julio.pdf>)

O Grao en Óptica e Optometría ten elaborado, de acordo co regulamento da universidade, unha normativa para os traballos fin de Grao (TFG) no seguinte enlace:

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/opto/descargas/practicastuteladas/CURSO-2018-2019/1-Regulamento-TFG-Fac.-Optica-e-Optometria-05-12-19.pdf>

Neste curso elaborouse a normativa para os traballos fin de máster (TFM), de acordo co regulamento da universidade, que se pode consultar no seguinte enlace:

https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/opto/descargas/Reglamento/Regulamento-TFM-Master-Optometria-Consello_goberno_29_03_19.pdf

Con respecto aos programas de mobilidade, indicar que a relación de universidades coas que a facultade ten convenio, tanto do programa ERASMUS coma do SICUE, atópase publicada na páxina Web da facultade, onde tamén o alumnado ten acceso directo aos plans de estudos da titulación en ditas universidades (https://www.usc.gal/gl/centros/opto/Mobilidade_Foop.html). No curso 2019-20 houbo dúas alumnas saíntes á Universidade de Granada dentro do programa SICUE, asemade recibíuse un alumno, procedente de Marrocos, a través dos Convenios Bilaterais establecidos pola USC. Segue a ser necesario incrementar a mobilidade, para o que os convenios ERASMUS establecidos son fundamentais.

En relación ás prácticas tuteladas, que se imparten no grao, indicar que a xestión e avaliación das mesmas realízaas a Comisión de Prácticas, garantíndose por tanto a adquisición das mesmas competencias con independencia da modalidade cursada. De acordo á memoria do Grao, a Comisión de Prácticas Tuteladas elabora unha memoria anual na que se recolle a información relevante relacionada cos centros de prácticas que foron asignados, a satisfacción do estudantado, a valoración dos/das titores/as, etc.

Segundo o informe de prácticas tuteladas do curso 2019-2020 a comisión reuniuse o 20 de setembro de 2019 para realizar a asignación de centros na convocatoria do primeiro semestre, e o 21 de febreiro de 2020 para a asignación do segundo, datas establecidas na Xunta de Facultade. Para o primeiro semestre procedeu a asignar centro aos 8 alumnos/as admitidos nesta convocatoria; e para o segundo semestre asignouse centro aos/ás 45 alumnos/as admitidos/as.

Hai que salientar que no segundo semestre deste curso, por mor da Covid-19, tívose que suspender a realización das prácticas Tuteladas. Como consecuencia, e co fin de proceder coa máxima flexibilidade e garantir igualmente a adquisición das competencias desta materia, e de acordo co establecido polo Ministerio de Universidades, e a USC ao respecto, co acordo da Conferencia de Decanos/as das Facultades de Óptica e Optometría e Coordinadores/as da titulación, o período de prácticas estendeuse ata finais de setembro, debendo o alumnado realizar un mínimo dun 50% das horas de prácticas, completando ata o 100% con contido online. En calquera caso, os alumnos podían, se así o desexaban e o centro de prácticas llo facilitaba, completar o 100% das prácticas. Por outro lado, o feito de estender o período de prácticas ata setembro, requiriu asignar novos centros nun elevado número de estudantes; o que se fixo falando dende a facultade cos centros nas localidades de interese. Os profesores membros da Comisión de Seguimento de Prácticas Tuteladas, titores académicos do estudantado desta materia, foron os encargados do contido on-line relacionado coas competencias desta materia e complementario á realización das prácticas. Este contido consistiu en diversos seminarios, así como, na realización como mínimo de 4 webinars de entre as ofertadas por distintos laboratorios de lentes de contacto y lentes oftálmicas, para aqueles estudantes que limitaran a realización das prácticas ó 50%.

Dende o inicio de cada convocatoria ata a asignación dos centros ao alumnado, atendéronse algunhas incidencias,

tanto telefonicamente como por correo electrónico. Cabe salientar que, se ben non foi posible facer unha revisión e actualización da aplicación Xestor de Prácticas, o número de incidencias foi menor ao de outros anos, probablemente debido ao protocolo coa a información detallada e paso a paso para o manexo do Xestor de Prácticas que se lle enviou aos centros.

Neste curso comezouse a aplicar a modificación do sistema de avaliación, aprobado en Xunta de Facultade no curso pasado, con data 11/07/2019 e que está pendente como unha modificación menor da memoria do Grao. Segundo dita modificación, eliminouse o exame escrito, polo que a cualificación establécese exclusivamente pola avaliación do titor externo (60% da nota) e da memoria realizada polo/a alumno/a, avaliada pola Comisión de Prácticas Tuteladas (40% da nota).

A comisión de Prácticas Tuteladas reuniuse mediante Teams en varias ocasións, e mantivo a súa actividade a través do correo electrónico en todo momento de cara a avaliación da convocatoria do primeiro e segundo semestre. O número de alumnos matriculados nas Prácticas Tuteladas neste curso foron 8 na primeira convocatoria (1º semestre) e 45 na segunda convocatoria (2º semestre), cun 100% de presentados que superaron a materia en ambas convocatorias. En canto ás cualificacións, na primeira convocatoria houberon 1 aprobado e 7 notables, mentres que na segunda convocatoria, houberon 1 aprobado, 30 notables e 14 sobresaíntes.

En canto á satisfacción do estudantado coas Prácticas Tuteladas, realizóuselles unha enquisa ao rematar a segunda convocatoria, a través dun formulario Microsoft Forms, á que só responderon 2 estudantes a pesares de que se insistiu, mediante varios correos electrónicos, da importancia de realizala. Cabe considerar a posible influencia da situación Covid-19, en canto a non presencialidade do alumnado no centro, as diferenzas nas datas de finalización das prácticas, etc.

As prácticas externas son unha parte fundamental do Máster en Optometría, xa que permiten ao alumnado poñer en práctica todas as técnicas e metodoloxías estudadas ao longo do curso. Polo tanto é esencial garantir un bo desenvolvemento das mesmas. A organización das prácticas externas corren a cargo da coordinadora do Máster xunto co Decanato da Facultade. Para favorecer a realización destas prácticas, dende o curso 2018-19, a Universidade puxo en marcha unha serie de convenios con diferentes institucións clínicas e de investigación, deste xeito o alumnado podería mellorar a súa práctica no ámbito clínico ou investigador. Os centros de investigación escollidos para estas prácticas eran aqueles nos que se realizaban proxectos relacionados coa visión, mentres que os centros clínicos foron aqueles que garantían unha práctica clínica optométrica especializada, dentro das competencias da profesión de óptico-optometrista. Ademais tamén se contou co Servicio de Optometría, que actúa como clínica universitaria situada na propia Facultade, o cal ten unha función docente e asistencial, ofertando prestación de servizos asistenciais en atención primaria visual. Dende a coordinación do Máster as prácticas externas organízanse de xeito que todo o alumnado as poida realizar do xeito máis óptimo, atendendo en todo momento todas as demandas do alumnado.

No segundo semestre, a raíz da suspensión da actividade docente presencial no ámbito da USC pola COVID-19, dende o Decanato da Facultade de Óptica e Optometría realizáronse diferentes accións de cara a garantir a docencia das materias de segundo semestre do Máster en Optometría. Para tal fin, mantívose informado a todo o profesorado das diferentes resolucións reitorais ao respecto, con indicacións sobre a actualización das programacións docentes, e cunha total dispoñibilidade para resolver as posibles dúbidas e incidencias que puideran xurdir. Así mesmo, con data do 23/03/2020, dende o Decanato enviouse ao profesorado documentos informativos de axuda para a docencia a través do Campus Virtual, por se lle puideran ser de utilidade, tales como consellos para gravar vídeos co móbil, facer tutoriais, e sobre programas axeitados para a gravación de vídeos.

Con data do 7 de abril de 2020 reuniuse a Comisión Académica do Máster, despois da información detallada da decana, sobre a situación de alarma que a COVID-19 provocou no desenvolvemento da docencia do 2º semestre do Máster en Optometría.

A Comisión adoptou os seguintes acordos:

1. En relación ao **TFM**, debido á imposibilidade de desenvolver un traballo de campo e para dar opción a súa realización por parte do alumnado, decidiuse que os traballos finalmente foran de revisión bibliográfica.
2. En relación ao desenvolvemento das Prácticas Externas, acórdase que, atendendo as consideracións da Vicerreitoría de Organización Académica, estas poidan realizarse en setembro (incluso outubro se fose necesario) e toda vez que as autoridades sanitarias o permitan.
3. Tamén se acorda considerar suficiente que o alumnado faga un mínimo do 50% de prácticas completando o 50% restante do contido da materia por webinars e outros contidos online relacionados co Máster.
4. Acórdase pasar unha enquisa ao profesorado das materias do 2º semestre, que neste máster, son todas optativas; para obter información do desenvolvemento das mesmas.

A explotación de ditas enquisas, indicou que a maioría destas materias xa tiñan finalizada a súa docencia presencial (seminarios) na semana que se declarou a situación de alarma xeral.

Ao tratarse dun máster semipresencial, todo profesorado xa utilizaba a aula virtual, foros de dúbidas, tarefas, titorías e traballos a través do campus virtual, ademais que o profesorado comezou a utilización da ferramenta Microsoft Teams para realizar titorías ou clases concertadas previamente co alumnado. Por outro banda a maioría do profesorado posiciónase favorablemente a unha avaliación online, sempre que se conte cunha aplicación adecuada.

Con data 08/04/2020 convocouse de xeito telemático por Teams unha reunión co alumnado do Máster para transmitirllle os acordos adoptados pola Comisión do Máster sobre Prácticas Externas, TFM e desenvolvemento da docencia virtual; e asemade para coñecer as súas dúbidas e propostas. A principal preocupación que transmitía o alumnado era a posibilidade de non poder realizar as Prácticas Externas, mostrando un total interese na súa realización cando sexa posible, ben ao longo do verán, ata setembro ou incluso máis alá de setembro. Preguntan tamén sobre a opción de anular matrícula e cursar a materia no próximo curso. A indicación que se lles deu, tal como se comentou anteriormente, foi a posibilidade de realizar as prácticas en setembro ou outubro, se fose necesario, toda vez que as autoridades sanitarias o permitisen.

En relación aos resultados da aprendizaxe das materias do Grao en Óptica e Optometría, apréciase en xeral, un aumento da taxa de rendemento en relación ao curso anterior. De feito, todas as materias mostraron una taxa de rendemento maior do 75% excepto as materias de Bioloxía (72,53%), Instrumentación Óptica (67,86%) e Óptica Xeométrica (52,08%). Houbo un aumento significativo na taxa de rendemento dalgunhas materias, como pode ser Fisioloxía Ocular, que pasou dun 61,45% no curso 2018-19 a un 90,24% neste curso, ou Óptica Física, que pasou dun 65,15% a un 80,95%, valores que alcanzaron por primeira vez. Se atendemos ás cinco materias que no curso pasado presentaban unha taxa de rendemento inferior ao 60%, obsérvase un aumento moi notable en 3 delas; Bioquímica, que pasou dun 53,61% a un 79,76%; Bioloxía, que aumentou dun 51,09% a un 72,53% e Enfermidades Oculares I, que experimentou o maior incremento pasando dun 54,05% a un 98,72%. A materia Instrumentación Óptica tamén apreciou un aumento na súa taxa de rendemento, pasando dun 40,68% a un 67,86%. Pola contra, a materia Óptica Xeométrica foi a única destas cinco materias que sufriu unha diminución na taxa, pasando dun 57,26% a un 52,08%.

Cando atendemos a estes resultados considerando ao alumnado que se presentou aos exames, é dicir, a taxa de éxito do título (IN35G) obsérvase un incremento con respecto á taxa de rendemento en todas as materias. Este incremento é maior nas materias que presentaban un menor valor nas dúas taxas. Obsérvase que a todas as

materias, excepto cinco, presentaron un incremento en relación ao curso anterior. Destas cinco materias catro mostraron unha taxa de rendemento maior co 95%, excepto unha (Óptica Xeométrica). Finalmente, indicar que de todo o plan de estudos, as materias que presentaron a menor taxa de éxito foron Instrumentación Óptica (76,77%), Bioloxía (74,16%), e Óptica Xeométrica (62,50%); o resto das materias mostraron unha taxa maior ou igual ao 85%.

Por outra banda, como non hai datos dispoñibles con respecto ao indicador de adquisición de cada unha das competencias do título, realizáronse enquisas ao estudiantado das materias, adaptando o tipo de enquisa ás características destas. Neste senso, na reunión da comisión de calidade do 22 de xaneiro aprobouse a elaboración e unificación das enquisas propias das materias, con dous modelos, un para as materias clínicas e outro para o resto das materias do grao. Isto permítenos coñecer a satisfacción do estudiantado coa docencia recibida, e a súa valoración sobre as competencias adquiridas. Realizáronse nas materias Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II, Clínica Optométrica III, materias nas que a enquisa se adaptou ás competencias específicas recollidas nas Directrices Propias desta titulación (*Orden CIN /727/2009, de 18 de marzo*). Ditas enquisas poñen de manifesto que no curso 2019-20, arredor do 95% do estudiantado mostrou un alto grao de satisfacción coa formación recibida e na adquisición de competencias, valor similar ao do curso 2018-19. Isto pon de manifesto que o tipo de profesorado para este tipo de prácticas clínicas é o axeitado; a experiencia profesional do profesorado asociado supón unha garantía para a docencia clínica en optometría. Asemade hai que resaltar que practicamente a totalidade do alumnado considera que o número de pacientes reais debería incrementarse, incluíndo tamén mais pacientes de diferentes tipoloxías.

É importante salientar que un indicador da adquisición de competencias clínicas propias da titulación é o número de pacientes vistos polo alumnado. Así, o número de prácticas clínicas sobre pacientes reais, prácticas que se imparten nun módulo de 5 alumnos/as por profesor/a, son unha garantía de adquisición das competencias específicas establecidas para o Grao en Óptica e Optometría da *Orden CIN/727/2009, de 18 de marzo*. Este criterio está en consonancia coas esixencias do Diploma Europeo en Optometría (establecido polo “European Council of Optometry and Optics” (ligazón na páxina web da Facultade <http://www.ecoo.info>) e co establecido polo “General Optical Council”, que xustifican a adquisición de competencias en optometría polo número de pacientes reais vistos por alumno/a. Así, o alumnado do Grao en Óptica e Optometría desenvolve, de maneira supervisada, actividade clínica propia de titulación sobre pacientes reais no Servizo de Optometría da USC nas materias: Clínica Optométrica I (4,5 créditos), Clínica Optométrica II (4,5 créditos), Clínica Optométrica III (6 créditos). O número de pacientes vistos no Servizo de Optometría durante o primeiro semestre do curso 2019-20 foi de 374 pacientes, dos cales 121 foron revisados na materia *Clínica Optométrica I*, e 253 durante a docencia de *Clínica Optométrica III*, valores que se manteñen na liña dos últimos anos. Non obstante, no segundo semestre houbo un descenso importante dos pacientes revisados, xa que houbo que interromper estas revisións dende a suspensión das clases presenciais polo Covid-19, de xeito que tan só se puideron revisar 49 pacientes durante a docencia da materia *Clínica Optométrica II* e 17 pacientes durante as prácticas tuteladas. Para dar cumprimento á programación, na materia de *Clínica Optométrica II* o profesorado, mediante TEAMS, dedicouse a impartir supostos clínicos que o alumnado, nos grupos reducidos de prácticas, debían resolver, ademais das tarefas que tiñan que facer a través da aula virtual. En relación ás prácticas tuteladas, tal como se comentou no punto 1.3, facilitouse ao alumnado retomar as prácticas estendendo o período para realizalas ata finais de setembro, xunto coa disposición de contido online como complemento. Hai que salientar que se continúa coa aplicación do portafolio de práctica clínica segundo o modelo establecido polo “European Council of Optometry and Optics” para o Diploma Europeo, e polo “General Optical Council”, e cuxa finalidade é poder acreditar para cada alumno/a a súa experiencia clínica supervisada, así como evidenciar a realidade sobre as características de dita práctica en canto ao tipo de paciente, problema visual, etc.

Con respecto aos resultados da aprendizaxe nas materias do Máster en Optometría pódese apreciar, en xeral, que no curso 2018/2019 obtivéronse uns bos resultados. A taxa de rendemento nas materias obrigatorias e optativas foi do 100%, o que supera os resultados acadados no curso anterior, aínda que xa eran elevados. Pola outra

banda, as Prácticas Externas e o TFM obtiveron unha taxa de rendemento do 42,86% e o 44,44%, respectivamente. Isto pode ser debido ao alumnado que aprazou a realización de ámbalas dúas materias, xa que cando se consideran os resultados tendo en conta ao alumnado que se presentou aos exames, é dicir, a taxa de éxito do título (IN35G) as dúas materias obteñen unha taxa de éxito do 100%. Como é lóxico, o resto das materias tamén obtiveron unha taxa de éxito do 100%.

Durante o curso 2018/2019 recibíuse no centro unha queixa (nº 18/00196) na que un alumno do curso ponte, curso do que xa non se imparte docencia, non podía acceder aos contidos da materia de Saúde Pública, da que se matriculou por primeira vez no curso 2018/19. Logo das diferentes consultas ao XOPRA e ao Ceta, e de ter falado co profesor da materia, déuselle resposta e solución ao problema. Tamén se recibiu no centro, e en base a queixa nº expediente Q 1903/03, a solicitude de informe sobre o rendemento académico dos estudantes da materia Instrumentación Óptica do Grao por parte do Valedor da Comunidade Universitaria, informe que se envía coa información solicitada.

En relación ás queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe, tan só sinalar a reclamación interposta polo alumnado de 3º curso do Grao en Óptica e Optometría en relación ás reclamacións ás cualificacións da materia Óptica Oftálmica III.

Aténdense ditas reclamación seguindo a Normativa de avaliación de rendemento académico dos estudantes e revisión de cualificacións (C.G. do 15/06/2011), para o que se constitúe unha Comisión que da resposta á reclamación do alumnado, vistas as alegacións do profesorado responsable da materia. O alumnado ante a resolución da Comisión presenta recurso de alzada, perante a Secretaría Xeral, que é desestimado.

Non houbo ningunha outra reclamación relacionada con ningún dos procesos de ensino/aprendizaxe cuxa xestión depende do centro e nas que se aplicaríase a normativa xeral de USC e a propia da Facultade (Regulamento de prácticas tuteladas, regulamento de réxime interno). Salientar que neste curso non se recibiu ningunha reclamación relacionada co título de Máster en Optometría.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2019-20 no grao en Óptica e Optometría impartiron docencia un total de 53 profesores/as dos cales, 4 son Catedráticos de Universidade, 18 Titulares de Universidade, 2 Catedráticos de Escola Universitaria, 3 Titulares de Escola Universitaria, 7 Profesores Contratados Doutores, 1 Axudante Doutor LOU, 4 Contratados Interinos, 8 Asociados de Universidade LOU, 2 Contratado Posdoutoral da Xunta, 2 Contratados Predoutorais do Ministerio, 1 investigador do Programa Juan de la Cierva e 1 investigadora do Programa Marie Curie.

Participan na docencia do Grao en Óptica e Optometría un total de 12 Departamentos de distintas Facultades. En conxunto, o persoal docente do grao ten recoñecido 164 sexenios de investigación e 87 quinquenios de docencia. O 69,81% do Profesorado é doutor e o 50,94% é funcionario de carreira.

En relación ás prácticas tuteladas, indicar que ao tratarse dunha profesión regulada, o profesorado encargado da súa xestión, avaliación, e que actúa como titor/a académico/a, ten capacitación profesional de Óptico-Optometrista, como membros da Comisión de Seguimento de Prácticas Tuteladas. En relación ao traballo fin de grao, tendo en conta a normativa vixente na USC, todo o profesorado do Grao está implicado na docencia desta materia, repartíndose a carga de TFG entre os distintos departamentos con docencia no título, de forma proporcional ao número de créditos impartidos. Salientar que a Área de Optometría asumiu a titorización de 38 TFG dun total de 64 presentados no curso 2019/20; o que supón a titorización do 59.37 % dos TFG. Este feito é especialmente relevante e supón unha carga considerable para os membros de dita área tendo en conta que a porcentaxe de profesorado da área de Optometría é dun 28 % sobre o total do profesorado da titulación, e que se encargan do 30% da docencia do Grao.

Aínda que se cobren todas as horas de docencia do grao tal e como están establecidos na memoria do título verificada, compre salientar que segue habendo necesidades de profesorado con capacitación profesional para acadar os niveis de docencia práctica esixidos para a obtención do Diploma Europeo do Título. Aínda segue pendente a recuperación das horas de prácticas clínicas que foron, no seu día, substituídas polas horas de docencia interactiva nas materias máis especializadas e profesionalizantes do Grao, todas elas da área de Optometría (Optometría I, Optometría II, Optometría III e Optometría IV; Contactoloxía I e Contactoloxía II; Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II e Clínica Optométrica III). Isto fora debido á falta de profesorado na área de Optometría no momento da implantación do Grao. No informe final da renovación da acreditación subliñaron que había que garantir, o antes posible, as horas asignadas ás prácticas clínicas e con iso garantir a adquisición por parte do estudiantado de todas as competencias, especialmente, daquelas que teñan un claro compoñente profesional no ámbito da Optometría. Este cambio supón un incremento de 300 horas aproximadamente de docencia práctica clínica e preclínicas, e é un aspecto sobre o que xa que viña informado e insistido ao vicerreitorado de profesorado en diversas ocasións nos cursos anteriores. Neste curso non houbo ocasión de considerar este cambio debido á xestión da docencia e a avaliación non presencial motivada pola crise sanitaria da Covid-19.

En relación ao Máster en Optometría, neste curso impartiron docencia un total de 33 profesores/as dos cales, 1 é Catedrático de Universidade, 13 Titulares de Universidade, 1 Catedrático de Escola Universitaria, 1 Titular

de Escola Universitaria, 2 Profesores Contratados Doutores, 1 Axudante Doutor LOU, 2 Contratados Interinos, e 8 Asociados de Universidade LOU.

Participan na docencia do Máster en Optometría un total de 8 Departamentos de distintas Facultades. En conxunto, o persoal docente do máster ten recoñecido 79 sexenios de investigación e 42 quinquenios de docencia. O 68,97% do Profesorado é doutor e o 55,17% é funcionario de carreira.

En relación ao profesorado relacionado coas prácticas externas indicar que a coordinadora do máster, a decana e o secretario de facultade son os encargados da xestión e avaliación, xa que actúan como titores académicos. En relación ao traballo fin de máster, tendo en conta a normativa vixente na USC, todo o profesorado do título encóntrase implicado na docencia desta materia, repartíndose a carga de TFM entre os distintos departamentos con docencia no título, de forma proporcional ao número de créditos impartidos.

USC conta cun programa de formación e innovación docente que ten por finalidade establecer un marco de formación que permita adquirir e mellorar as competencias docentes, investigadoras e de xestión necesarias para o exercicio profesional na universidade. Neste curso participaron no programa de formación un 54,72% do profesorado do Grao, moi superior aos cursos anteriores; 2018/2019 (30,77%), 2017/2018 (26,42%) e ao curso 2016/2017 (35,42%). En relación ao profesorado do Máster, neste curso participaron no programa de formación un 52,51% do profesorado, superior ao curso pasado (35,71%). Isto pode ser debido á necesidade da formación para utilizar as ferramentas da docencia online no período de confinamento, impartida dende o servizo do PFID, para a docencia online, logo da suspensión da docencia presencial debido á Covid-19. Segundo o informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, este colectivo valorou cun 4,465 sobre 5 a súa satisfacción xeral do curso (taxa de participación na enquisa do 49,78%).

En relación ao persoal de apoio, segundo as bases de datos da USC, a Facultade conta co seguinte persoal de apoio: 2 técnicos especialistas de investigación, 1 técnico de investigación, 2 persoas da Escala Administrativa (responsable da unidade de xestión e secretaria de Decanato) e 2 postos de oficiais de servizo ocupados ao longo deste curso por tres persoas (debido a unha prexubilación). Sinalar que o conserxe é compartido coa Facultade de Física e realiza a súa xornada principalmente nesa Facultade, o que supón que na conserxería da Facultade de Óptica e Optometría só hai un auxiliar en cada quenda (un de quenda de mañá e outro de tarde) que desenvolve as súas tarefas na conserxería desta Facultade. Hai que salientar que estes dous auxiliares comparten a súa dispoñibilidade horaria coa conserxería da Facultade de Física, de xeito que en ocasións, nas que coincide o período vacacións do persoal, citas médicas, deberes inescusables, etc., o centro ten que permanecer pechado media xornada ao non ter persoal de substitución, co prexuízo que isto ocasiona. Do mesmo xeito a Facultade de Óptica e Optometría tamén comparte á Responsable de Asuntos Económicos coa Facultade de Física.

No sector biblioteca hai que sinalar que a Dirección está compartida coa Facultade de Física e a Facultade de Óptica e Optometría só conta con 2 auxiliares de biblioteca que atenden á sala de lectura en quenda de mañá e tarde. Sinalar que a biblioteca do centro forma parte da biblioteca Intercentros Física-Óptica e Optometría e que os dous auxiliares cobren as quendas de mañá e tarde para manter aberta a sala de lectura e o servizo de préstamo.

En relación aos técnicos de apoio á docencia sinalar que os dous técnicos especialistas realizan as labores de apoio á docencia. Un deles realiza toda a súa labor dentro do Servizo de Optometría en horario de 8:00 a 15:00 horas, como apoio á docencia das materias clínicas que se imparten en dito servizo, no que os alumnos atenden a pacientes baixo a supervisión do profesorado, impartindo un total de 900 horas. Debido á especificidade do Servizo e a docencia que nel se imparte, sería necesario a creación dunha praza de técnico de nivel superior, e en todo caso adecuar a xornada de traballo dos técnicos ao horario de atención ao público do servizo.

A USC tamén oferta un programa de actualización e formación para o PAS. No curso 2019-20 o 100% do PAS do centro participou en actividades de formación (taxa de participación na enquisa do 51%).

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade conta coas infraestruturas necesarias para impartir a docencia do Grao e Máster. Nos últimos anos, a prórroga dos presupostos na USC e a liberación dunha parte moi pequena do presuposto do centro fixo necesario o desenvolvemento dun procedemento de priorización do gasto, relacionado coa acción de mellora da titulación. Anualmente, o Decanato abre un prazo de solicitudes de material de prácticas para o profesorado e as súas propostas son analizadas e priorizadas pola Comisión de Asuntos Económicos do centro. Dende o ano 2018 séguense uns criterios de reparto do orzamento baseándose nas horas de docencia práctica, número de alumnos/as e número de grupos de prácticas. Estes criterios aplícanse a cada materia, organizándose a súa vez polos espazos onde se realizan as prácticas.

Nun Centro cun elevado número de horas prácticas, tanto clínica como non clínica, o mantemento e a

actualización dos laboratorios é unha parte fundamental para o correcto desenvolvemento da docencia. Debido a iso, o Decanato púsoxe en contacto con varias empresas do sector para establecer unha colaboración de préstamo de equipos e así facilitar a docencia. Para iso firmáronse convenios coas devanditas empresas.

A importancia do Servizo de Optometría (SO), do Taller de Óptica Oftálmica e dos gabinetes de Optometría e Contactoloxía na consecución das competencias específicas das titulacións, fan necesario elaborar anualmente un estudo das necesidades de renovación dos equipos e dun plan de continxencia. No caso do Servizo de Optometría, é de resaltar o feito de que é o centro onde se imparten cada curso un total de 1400 horas de docencia clínica do Grao (900 horas correspondentes as materias Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II e Clínica Optométrica III; e 500 horas de Prácticas Tuteladas), do Máster (16 horas correspondentes as materias Superficie Ocular e Lentes de Contacto, Olló Seco e Lentes de Contacto, Discomfort Ocular e Lentes de Contacto; e 640 horas de Prácticas Externas) e das actividades de investigación do grupo GI-2092 Optometría. Como se ven recollendo nos anteriores informes de seguimento, sempre houbo unha necesidade de ampliar o espazo do SO, xa que as 1400 horas víñanse impartindo nun espazo funcional de 46,46 m².

Debido ás características da crise sanitaria motivada pola Covid-19, a distribución dos espazos mostrou un aspecto importante que condicionaría a docencia para o seguinte curso 2020-21, xa que, debido ás dificultades para garantir unha correcta ventilación, non sería posible impartir de forma segura a docencia práctica, polo que acordáronse as medidas da programación docente segundo os tres escenarios que estableceron na USC, adoptando o escenario 2 de xeito xeral para a docencia interactiva de prácticas. Neste escenario divídense, de forma alterna, os grupos do alumnado ao 50%, mentres que o restante 50% recibirá formación complementaria a distancia.

Non obstante, nesta situación tampouco se podería impartir de forma segura a docencia clínica no Servizo de Optometría, xa que suporía impartir unha cantidade de 2154 horas nun espazo de 46,65 m². Ademais este espazo non tiña ventás nin ventilación, polo que houbo que resolver este feito, tendo en conta que nestas prácticas aténdense a pacientes. Polo tanto, para garantir que se puidera impartir a docencia clínica no Servizo de Optometría (SO), e despois dun estudo da distribución de espazos, onde se apreciaba un gran desequilibrio entre o espazo asignado ás materias do módulo de Optometría e do módulo de Óptica, aprobouse na reunión do 15 de xullo da Comisión de Asuntos Económicos e Espazos, e posteriormente, na Xunta Extraordinaria de Facultade do 21 de xullo, incrementar as dependencias do SO integrando o laboratorio de 73 m² situado ao seu carón, que viña sendo o lugar onde se impartían 65 horas anuais da materia do Grao Óptica Oftálmica II. O material do laboratorio de Óptica Oftálmica II trasladaríase a outro espazo para garantir a súa docencia práctica. Deste xeito, o Servizo de Optometría pasará de 46,65 m² a ter un espazo de 119,6 m², ampliación que aínda que foi motivada pola crise sanitaria do Covid-19, era unha demanda necesaria dende hai anos, que se inicia con esta medida para o curso 2020-21.

Toda a información en relación á actividade no Servizo de Optometría queda recollida no Informe do SO, informe bianual que a Directora do SO realiza e que, unha vez consensuado cos membros do SO, envía ao Reitor da USC, así como á Decana da Facultade de Óptica e Optometría. Dito informe recolle información de acordo aos seguintes apartados: (1) Contexto do Servizo de Optometría na USC; (2) Persoal do SO: membros, comisión técnica e directora; (3) Informe docente e asistencial do Servizo de Optometría; (4) Indicadores de Calidade; (5) Informe do Análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades); (6) Propostas de melloras; (7) Informe investigador; (8) Accións prioritarias. Nos respectivos informes queda recollido que, debido ao importante número de horas de docencia impartidas no Servizo de Optometría (sobre 1500 horas por curso). Como xa se comentou na directriz 1, no curso 2019-2020 examináronse un total de 473 pacientes, moitos menos cos cursos anteriores, debido á suspensión da docencia presencial no

segundo semestre motivada pola Covid-19. Hai que salientar que víñase observando un aumento dos pacientes recibidos ata o de agora (858 pacientes no curso 2018-19), polo tanto é necesario elaborar un plan de financiamento para actualizar/manter as infraestruturas e equipos do Servizo. Na actualidade, o financiamento do SO para este fin provén da asignación dende a propia facultade de acordo á distribución económica entre as materias das titulacións que se imparten no centro.

Ademais da docencia que se imparte na Facultade, o alumnado das titulacións de Grao e Máster realiza prácticas noutros centros:

- No caso do Grao, o alumnado tamén realiza prácticas nos Hospitais do SERGAS (prácticas das materias enfermidades oculares I e II), en Fogares Residenciais de Maiores (Prácticas de Optometría IV), en centros sociais nos que realizaron exames visuais a nenos e nenas desfavorecidos socialmente dentro dun proxecto Aprendizaxe Servizo (ApS) de optometría pediátrica e por último as Prácticas Tuteladas nos establecementos sanitarios de Óptica. Todas estas prácticas realízanse ao amparo dos convenios co SERGAS, coa Consellería de Benestar Social e co Colexio de Ópticos e Optometristas de Galicia e/ou con Ópticas de fóra de Galicia.
- En relación ao Máster, ademais das prácticas que o alumnado realiza na Facultade, tamén ten a posibilidade de realizar prácticas noutros centros segundo as materias nas que se matricule:
 - AGADEA (Asociación Galega de Axuda ós Enfermos con Demencias tipo Alzheimer) e Centros da Xunta Galicia e centros residenciais privados con pacientes con deterioro cognitivo e Alzheimer (materia *Envellecemento e Visión*).
 - Centros sociais (Espazo Veciñal de Sar), dentro dun proxecto Aprendizaxe Servizo (ApS) nos que realizan exames visuais a nenos e nenas (materia *Optometría Pediátrica*).
 - IDIS (Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela) situado no Hospital Clínico Santiago-CHUS (materias *Marcadores Moleculares das Alteracións da Visión e A Visión nas Enfermidades do Sistema Nervioso*).

Hai que salientar que no curso 2019-20, debido á crise sanitaria do Covid-19, suspendéronse as prácticas presenciais do segundo semestre, o que afectou ás materias que se cursaban nese período.

O centro dispón dunha aula de informática para uso docente, con 21 postos (20 para alumnos + 1 para o/a profesor/a), ademais de 5 aulas equipadas con sistemas de proxección (ordenador canon) e todas elas equipadas cunha lousa electrónica. De cara ao curso 2020-21, e para garantir unha docencia segura de cara á Covid-19, seguindo as indicacións da USC, decidiuse mellorar o equipamento informático/multimedia das aulas para o reforzo da docencia online e habilitar outras medidas, como a instalación de mamparas na aula de informática, para aproveitar de forma segura todos os postos desta aula.

A biblioteca intercentros é unha biblioteca para as Facultades de Física e Óptica e Optometría. Está situada na Facultade de Física, aínda que conta cun punto de servizo na Facultade de Óptica e Optometría, onde están depositados os manuais adecuados para a titulación do Grao en Óptica e Optometría. Na actualidade, a Biblioteca Intercentros Física-Óptica e Optometría ten a disposición de todos os usuarios da biblioteca un total de 16.604 monografías en papel (contando co incremento de 90 títulos en papel e 19 en formato electrónico durante o ano 2020), 507 títulos de monografías audiovisuais e materiais non libraríos (vídeos e DVDs, CD-ROMs, microformas...). En canto ás publicacións periódicas, dispón de 436 títulos en papel e 38 títulos electrónicos, en curso de recepción.

Hai que salientar que os 436 recursos bibliográficos están incluídos dentro das recomendacións bibliográficas do profesorado do Grao en Óptica e Optometría.

Como parte da Biblioteca Universitaria ten acceso a todos os fondos bibliográficos que se adquiren nos diferentes centros e a través do Consorcio de Bibliotecas de Galicia (BUGalicia), é posible acceder aos

paquetes de revistas electrónicas que subscribe, entre eles *Elsevier, Nature, Springer, Wiley* e as coleccións de libros electrónicos de Elsevier e Wiley. Por outra banda, pódese acceder vía FECYT ás bases de datos de *Scopus, Web of Science (Medline, Current Content Connect)*.

Durante o período de confinamento ocasionado pola Covid-19, o persoal da biblioteca mantivo o contacto cos usuarios da biblioteca, profesorado e alumnado, a través do correo electrónico e o teléfono, aclarando as dúbidas e facilitando a información solicitada.

Mantivéronse reunións telemáticas, a través de Teams, co persoal da biblioteca intercentros. Do mesmo xeito, a BUSC tamén utilizou esta plataforma para facer varias reunións da Xunta Técnica.

O persoal da biblioteca participou en varias xornadas de formación online: *Scopus, Orcid, Ebsco ebooks*, e os traballos técnicos que se desenvolveron neste período tiveron relación co mantemento e correccións de autoridades do catálogo da BUSC. Finalmente, engadir que se fixeron incorporacións a Dialnet da produción científica do PDI de varias facultades da USC.

A maiores dos servizos de orientación ao estudantado do que dispón a USC, cada ano, ao inicio do curso académico, realízase una xornada de acollida para o alumnado de novo ingreso. Convócase a este alumnado a través da páxina web do centro e mediante un correo electrónico á dirección que consta no formulario de matrícula ou, en caso de non especificar outra, á que lles proporciona a USC.

A Xornada consta de dúas fases. Na primeira fase reúnese a todo o alumnado na Aula Magna, onde os recibe a decana acompañada polos membros do equipo decanal, a directora do Servizo de Optometría e o alumnado titor. Logo da benvinda por parte da decana, amósaselle a páxina web do centro e os seus contidos, e despois o alumnado titor explica os procesos que consideran oportunos (Obtención da TUI, Servizo de Deportes, Servizo de reprografía...). Por outra banda, a directora do Servizo explica o seu funcionamento e invita a todo o alumnado a pasar polo servizo para facerse una revisión visual. A segunda fase ten lugar na aula de informática do centro, e pola capacidade de dita aula, divídese ao alumnado en dous grupos. Nesta sesión o persoal da biblioteca tamén fai una presentación para informar dos seus servizos, que leva por título "Presentación da Biblioteca Universitaria, da súa páxina Web e uso do seu catálogo". Despois, o alumnado realiza unha práctica individualizada de busca e solicitude de préstamo de libros.

No caso do Máster en Optometría, a xornada de acollida consiste nunha sesión onde se informa do desenvolvemento do curso e que leva a cabo a Decana e a Coordinadora do Máster. Convócase a este alumnado a través do campus virtual de USC na sección de Coordinación.

Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Óptica e Optometría dispón da súa propia páxina web na que se pode atopar toda a información relativa ao centro, ao Grao de Óptica e Optometría e ao Máster en Optometría, onde se recolle a información relacionada cós plans de estudos, obxectivos, contidos e a avaliación das competencias adquiridas polo alumnado. Inclúese tamén información relevante da Facultade, tal como o equipo de goberno e os órganos colexiados, a guía do alumnado no referente a horarios e datas de exames, a normativa da facultade e un apartado de calidade onde se mostran os informes de seguimento, acreditación e plans de mellora do título e do centro. Toda esta información está debidamente ordenada na páxina web. O seu enderezo é: <https://www.usc.gal/gl/centros/opto/presentacion2.html>

Ademais, elabóranse cada ano unha guía e un díptico sobre o Grao en Óptica e Optometría e o Máster en Optometría, que se pode descargar directamente da páxina web. O díptico do grao faise chegar a todos os centros de ensinanza secundaria e bacharelato de Galicia a través dun correo electrónico aos/as orientadores/as, ou que se entregan naqueles centros que se visitan dentro do Programa “A Ponte”. Pola outra banda o díptico do máster faise chegar a todas as universidades e delegacións dos colexios profesionais a través dun correo electrónico para que informen aos egresados.

Neste curso, consecuencia da suspensión de actividades académicas en todos os niveis, non foi posible celebrar os encontros do Programa “A Ponte” tal como se facía en anos anteriores. No seu lugar, celebráronse os “Encontros virtuais” que consistiron en material audiovisual consistente en videoconferencias e vídeos de alumnos/as explicando as características do título. Tamén se fixeron enlaces virtuais cos asistentes, mediante Teams, para aclarar as súas dúbidas. Para iso facilitouse un enlace dende a páxina web da Universidade: <https://www.usc.gal/gl/encontros-virtuais>, onde se incluía a seguinte información:

- Unha páxina de entrada co listado de titulacións e algúns servizos da USC.
- O nome de cada titulación vinculaba a unha páxina do centro (específica dos encontros)
- Dentro desta páxina do centro atopábase:
 - O listado de titulacións do centro
 - Material audiovisual: Exposicións de vídeo da titulación e de alumnado, así como algún xogo relacionado coa titulación.
 - Enlace a páxina da Web da Facultade de Óptica e Optometría.
 - Enlace para participar na videoconferencia mediante TEAMS.

En relación ao Máster en Optometría, e co obxectivo de mellorar o nivel de captación do alumnado, xa que neste curso houbo unha diminución de matriculados (ver directriz 1), reforzáronse as accións de divulgación do máster. Para iso enviouse información das características do mesmo aos representantes e delegación de alumnado da facultade, ás restantes Facultades de Óptica e Optometría de España, así como as súas delegacións de alumnos, aos Colexios Profesionais de Óptica e Optometría e á “Federación Española de Asociaciones del Sector Óptico” (FEDAO).

Asemade, con data de 24 de abril de 2020, celebráronse unhas xornadas online de orientación de postgrao, tituladas “Vías de formación tras el Grado en Óptica y Optometría”, organizadas polo alumnado de cuarto curso de grao e egresados/as desta facultade. Nestas xornadas tamén colaboraron a decana e un profesor da Área de Optometría. Asistiron un total de 132 alumnos/as de todas as facultades de España. Das 10 opcións de continuación de estudos expostas e descritas, o Máster en Optometría da USC foi a 3ª opción no orde de preferencia segundo a enquisa que se elaborou ao rematar as xornadas.

Dende a Facultade garántese un fácil acceso á información relevante do título, fundamentalmente a través da páxina Web. Asemade, cada curso académico convócase ao alumnado de novo ingreso a un acto de benvinda onde se explica o funcionamento da Facultade. Ademais, nese acto pídesse ao alumando que cubra

unha enquisa de inicio de curso para obter información relevante. Deste xeito, no curso 2019-20, 56 alumnos/as de novo ingreso cubriron esta enquisa propia de inicio de curso, que ademais da información acadada no informe da CIUG (INF.CIUG) e do indicador IN03G, xa comentados na directriz 2 deste documento, obtívose información máis específica das súas preferencias e do seu itinerario. Así, de todo o alumnado que non escolleu o Grao en Óptica e Optometría como primeira opción, 7 deles escolleron o Grao en Enfermería como opción preferente, outros 4 o Grao en Farmacia, 3 alumnos/as escolleron o Grao en Psicología e Veterinaria, houbo 2 alumnos para cada un dos Graos en Física, Matemáticas, Medicina, Odontoloxía e o Dobre Grao en Farmacia e Óptica e Optometría. Finalmente, tan só 1 alumno/a escolleu como primeira opción o Grao en Fisioterapia, o Grao en Biotecnoloxía e o de Criminoloxía. Tamén obtívose que o 96% do alumnado de novo ingreso estudou a rama de Bacharelato de Ciencias, onde o 27% especificou que optou por unha rama científico-sanitaria, mentres que un 7,4% proviña dunha rama científico-tecnolóxica. Tan só houbo un alumno/a que estudou o Bacharelato en Humanidades e outro/a no de Ciencias Sociais.

Nunha segunda enquisa preguntouse ao alumnado polas materias que cursaran no bacharelato, onde a máis cursada foi Bioloxía (96,6% das respostas), seguido por Matemáticas II (93,1%), Química (89,7%) e Física (51,7%). As menos cursadas, con tan só un 3,4% das respostas foron Xeoloxía, Debuxo Técnico, Ciencias da Terra e Medioambientais, Economía e Latín.

En relación ao Máster en Optometría, cada curso académico convócanse ao alumnado de novo ingreso a un acto de benvida onde se explica o funcionamento do título e todas as particularidades da Facultade. Toda a información relevante mantense actualizada no campus virtual de Coordinación do Máster, onde os alumnos e o profesorado poden acadar as últimas novidades, cambios ou modificacións relativas ao desenvolvemento do Máster.

A valoración da información pública da titulación, que perciben os grupos de interese, ven recollida nos informes de satisfacción elaborados a través das enquisas pertinentes.

O informe das enquisas de satisfacción do profesorado coa titulación para o curso 2019/20 (INF.23), indica unha puntuación de 4,15 sobre 5 para o grao, e de 4,17 sobre 5 para o máster, no ítem relacionado coa calidade da información pública dispoñible sobre a titulación.

No informe das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación para o curso 2019/20 (INF.22), este colectivo puntuou a información dispoñible do grao cun valor de 3,15 sobre 5, superior ao acadado no curso anterior (3,00). En relación ao máster, a puntuación acadada foi de 4 sobre 5, sendo moi superior á obtida no curso 2018-19 (2,50), o que indica unha melloría importante neste aspecto.

Non obstante é necesario recalcar que a taxa de participación dos diferentes grupos nas enquisas de satisfacción non foi elevada, sendo dun 25% e 8,97% para o profesorado e alumnado do grao, polo que os seus resultados non son de todo extrapolables. En relación ao máster a taxa de participación nas enquisas de satisfacción foi dun 18,18% para o profesorado, e dun 20% para o alumnado. Hai que sinalar que para a súa difusión o Decanato remitiu varios correos a todo o alumnado para transmitirlle a importancia de participar nestas enquisas. De tódolos xeitos é necesario mellorar a participación para que os resultados sexan máis representativos.

3. Plan de Melloras do centro

Obxectivo a conseguir: Aumentar as prazas de profesorado da área de Optometría.			
Responsable do obxectivo: M ^a Jesús Giráldez Fernández, Luz M. Gigirey Prieto		Data inicio: 10/09/2020	Data fin: 31/07/2021
Obxectivo estratéxico relacionado	Calidade da Docencia		
Procesos clave relacionados	Coñecer a carga real de traballo das titulacións de Grao e Máster		
Indicador/es de medición	Carga docente da área de Optometría por profesor/a	Meta a conseguir	Garantir que o número de profesorado da área de optometría é suficiente para impartir a docencia.
Accións de mellora relacionadas (Código)	<i>Grao en Óptica e Optometría</i> <ul style="list-style-type: none"> AM-1 Estudo e diagnose dos axustes necesarios na planificación docente da titulación e dos recursos humanos da área de Optometría óptimos para impartila. <i>Máster en Optometría</i> <ul style="list-style-type: none"> AM-1 Estudo e diagnose dos axustes necesarios na planificación docente da titulación e dos recursos humanos da área de Optometría óptimos para impartila. 		
Obxectivo a conseguir: Completar as guías de todas as materias do plan de estudos do Grao en Óptica e Optometría			
Responsable do obxectivo: Carlos García Resúa, M ^a Jesús Giráldez Fernández, Luz M. Gigirey Prieto		Data inicio: 10/09/2020	Data fin: 31/07/2021
Obxectivo estratéxico relacionado	Calidade da Docencia		
Procesos clave relacionados	Revisar o cumprimento da memoria das titulacións de Grao e Máster		

Indicador/es de medición	Número de guías elaboradas	Meta a conseguir	Elaborar as guías docentes para todas as materias dos títulos de Grao e Máster
Accións de mellora relacionadas (Código)	<i>Grao en Óptica e Optometría</i> <ul style="list-style-type: none"> AM-2 Elaboración e implantación dun modelo de guía docente xeral para o grao e a súa particularización para cada materia e modificación da memoria vixente do título. <i>Máster en Optometría</i> <ul style="list-style-type: none"> AM-2 Elaboración e implantación dun modelo de guía docente xeral para o grao e a súa particularización para cada materia e modificación da memoria vixente do título. 		
Obxectivo a conseguir: Renovación do material docente			
Responsable do obxectivo: Carlos García Resúa, M ^a Jesús Giráldez Fernández, Luz M. Gigirey Prieto		Data inicio: 10/09/2020	Data fin: 31/07/2021
Obxectivo estratéxico relacionado	Administración Eficaz e Eficiente		
Procesos clave relacionados	<ul style="list-style-type: none"> - Distribución do Orzamento por ano fiscal. - Estudo e priorización por áreas de gasto docente dos recursos orzamentarios. 		
Indicador/es de medición	Inventario material docente	Meta a conseguir	Permitir a reposición e a dotación dos equipos actualizados na medida que a limitación do presuposto o permita
Accións de mellora relacionadas (Código)	<i>Grao en Óptica e Optometría</i> <ul style="list-style-type: none"> AM-3 Establecemento de criterios para a renovación do material docente. <i>Máster en Optometría</i> <ul style="list-style-type: none"> AM-3 Establecemento de criterios para a renovación do material docente. 		

Obxectivo a conseguir: Redución da taxa de abandono do título de Grao en Óptica e Optometría			
Responsable do obxectivo: M ^a Jesús Giráldez Fernández		Data inicio: 10/09/2020	Data fin: 31/07/2021
Obxectivo estratéxico relacionado	Mellora das liñas de información		
Procesos clave relacionados	Intensificar relacións cos grupos de interese		
Indicador/es de medición	Taxa de abandono	Meta a conseguir	Establecer se a taxa de abandono do título está relacionada coa orde de preferencia de acceso do alumnado á USC.
Accións de mellora relacionadas (Código)	<i>Grao en Óptica e Optometría</i> <ul style="list-style-type: none"> AM-4 Realizar un seguimento da taxa de abandono do título, adoptando as medidas necesarias en función dos resultados dese estudo. 		
Obxectivo a conseguir: Desenvolver os portfolio de traballo para o Diploma Europeo			
Responsable do obxectivo: Carlos García Resúa, M ^a Jesús Giráldez Fernández		Data inicio: 10/09/2020	Data fin: 31/07/2021
Obxectivo estratéxico relacionado	Diploma Europeo en Optometría		
Procesos clave relacionados	Desenvolver documento de control de traballo requirido de actividades docentes “portfolio” para os alumnos		
Indicador/es de medición	Portfolios de control de traballo elaborados	Meta a conseguir	Elaboración do modelo xenérico do portfolio e os recursos necesarios para implementalo.

Accións de mellora relacionadas (Código)	<i>Grao en Óptica e Optometría</i> <ul style="list-style-type: none"> AM-5 Elaboración e implantación do portafolio de práctica clínica nas materias que se imparten no Servicio de Optometría. 		
Obxectivo a conseguir: Acadar maior participación do alumnado nas enquisas de satisfacción.			
Responsable do obxectivo: M ^a Jesús Giráldez Fernández; Carlos García Resúa, Luz M. Gigirey Prieto		Data inicio: 10/09/2020	Data fin: 31/07/2021
Obxectivo estratéxico relacionado	Calidade da Docencia		
Procesos clave relacionados	Coñecer a carga real traballo da titulación <ul style="list-style-type: none"> Enquisas alumnado e profesorado, para saber a carga real soportada na titulación 		
Indicador/es de medición	Participación do alumnado nas enquisas	Meta a conseguir	Aumentar a taxa de participación do alumnado
Accións de mellora relacionadas (Código)	<i>Grao en Óptica e Optometría</i> <ul style="list-style-type: none"> AM-6 Implantar medidas para incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. <i>Máster en Optometría</i> <ul style="list-style-type: none"> AM-4 Implantar medidas para incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. 		

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-1 Grao	Plan de Melloras da Acreditación	Estudo e diagnose dos axustes necesarios na planificación docente da titulación e dos recursos humanos da área de Optometría óptimos para impartila.	Activa	M ^a Jesús Giráldez Fernández	31/07/2021	
AM-2 Grao	Autoinforme de Seguimento	Elaboración e implantación dun modelo de guía docente xeral para o grao e a súa particularización para cada materia e modificación da memoria vixente do título.	Activa	Carlos García Resúa, M ^a Jesús Giráldez Fernández	31/07/2021	
AM-3 Grao	Autoinforme de Seguimento	Establecemento de criterios para a renovación do material docente.	Activa	Carlos García Resúa, M ^a Jesús Giráldez Fernández	31/07/2021	
AM-4 Grao	Autoinforme de Seguimento	Realizar un seguimento da taxa de abandono do título, adoptando as medidas necesarias en función dos resultados dese estudo.	Activa	M ^a Jesús Giráldez Fernández	31/07/2021	
AM-5 Grao	Autoinforme de Seguimento	Elaboración e implantación do portafolio de práctica clínica nas materias que se imparten no Servicio de Optometría.	Activa	M ^a Jesús Giráldez Fernández; Carlos García Resúa	31/07/2021	
AM-6 Grao	Autoinforme de Seguimento	Implantar medidas para incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción.	Activa	M ^a Jesús Giráldez Fernández; Carlos García Resúa	31/07/2021	
AM-1	Plan de Melloras da Acreditación	Estudo e diagnose dos axustes	Activa	Luz M. Girey	31/07/2021	

Máster		necesarios na planificación docente da titulación e dos recursos humanos da área de Optometría óptimos para impartila.		Prieto, M ^a Jesús Giráldez Fernández		
AM-2 Máster	Autoinforme de Seguimento	Elaboración e implantación dun modelo de guía docente xeral para o grao e a súa particularización para cada materia e modificación da memoria vixente do título.	Activa	Carlos García Resúa; Luz M. Gigirey Prieto; M ^a Jesús Giráldez Fernández	31/07/2021	
AM-3 Máster	Autoinforme de Seguimento	Establecemento de criterios para a renovación do material docente.	Activa	Carlos García Resúa; Luz M. Gigirey Prieto; M ^a Jesús Giráldez Fernández	31/07/2021	
AM-4 Máster	Autoinforme de Seguimento	Implantar medidas para incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción.	Activa	Luz M. Gigirey Prieto; M ^a Jesús Giráldez Fernández; Carlos García Resúa	31/07/2021	

ACCIÓNS DE MELLORA DO GRAO EN ÓPTICA E OPTOMETRÍA

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-1 (Curso 2020-2021)
		Tipo	Plan de Melloras da Acreditación
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 4 - Recursos humanos
	Definición	Análise causa	Realizouse un estudo e diagnose dos axustes necesarios na planificación docente da titulación e dos recursos humanos da área de Optometría óptimos para impartila.
		Definición/descrición proposta	Estudo e diagnose dos axustes necesarios na planificación docente da titulación e dos recursos humanos da área de Optometría óptimos para impartila.
		Data prevista de finalización	31/07/2021
		Data inicio	06/09/2020
Responsables	Responsable da implantación	M ^a Jesús Giráldez Fernández	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		

Data comprobación

ACCIÓNS DE MELLORA

Definición	Acción de mellora	Código	AM-2 (Curso 2020-2021)	
		Tipo	Plan de Melloras da Acreditación	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 2 - Información e transparencia	
	Definición	Análise causa	Detectouse nos informes de seguimento do grao e no proceso de renovación da acreditación, falta de información relativa á metodoloxía docente e aos sistemas de avaliación, tanto na memoria do grao extraíble da aplicación do Ministerio coma nas programacións docentes das materias.	
		Definición/descrición proposta	Elaboración e implantación dun modelo de guía docente xeral para o grao e a súa particularización para cada materia e modificación da memoria vixente do título.	
		Data prevista de finalización	31/07/2021	
		Data inicio	06/09/2020	
Responsables	Responsable da implantación	Carlos García Resúa, M ^a Jesús Giráldez Fernández		
Tarefa1	Código			
	Descrición tarefa			
	Data prevista de finalización			
	Persoa responsable			
Subtarefa 1	Código			
	Descrición tarefa			
	Data prevista de finalización			
	Persoa responsable			
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

ACCIÓNS DE MELLORA

Definición	Acción de mellora	Código	AM-3 (Curso 2020-2021)
		Tipo	Plan de Melloras da Acreditación
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
	Definición	Análise causa	Análise do estado do material docente.
		Definición/descripción proposta	Establecemento de criterios para a súa renovación.
		Data prevista de finalización	31/07/2021
		Data inicio	06/09/2020
	Responsables	Responsable da implantación	Carlos García Resúa, M ^a Jesús Giráldez Fernández
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-4 (Curso 2020-2021)
		Tipo	Plan de Melloras da Acreditación
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
	Definición	Análise causa	Non se están analizando convenientemente a taxa de abandono do título.
		Definición/descrición proposta	Realizar un seguimento da taxa de abandono do título, adoptando as medidas necesarias en función dos resultados dese estudo.
		Data prevista de finalización	31/07/2021
		Data inicio	06/09/2020
Responsables	Responsable da implantación	Mª Jesús Giráldez Fernández	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-5 (Curso 2020-2021)
		Tipo	Informe de Seguimento
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
	Definición	Análise causa	Para acreditarse ao Diploma Europeo é necesario rexistrar a experiencia clínica nun portafolio deseñado polo ECOO, no que se evidencia o número e tipo de pacientes vistos.
		Definición/descripción proposta	Elaboración e implantación do portafolio de práctica clínica nas materias que se imparten no Servicio de Optometría.
		Data prevista de finalización	31/07/2021
		Data inicio	06/09/2020
Responsables	Responsable da implantación	M ^a Jesús Giráldez Fernández; Carlos García Resúa	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓNS DE MELLORA

Definición	Acción de mellora	Código	AM-6 (Curso 2020-2021)
		Tipo	Informe de Seguimento
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
	Definición	Análise causa	Baixa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción.
		Definición/descrición proposta	Implantar medidas para incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción.
		Data prevista de finalización	31/07/2021
		Data inicio	06/09/2020
Responsables	Responsable da implantación	Mª Jesús Giráldez Fernández; Carlos García Resúa	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓNS DE MELLORA DO MÁSTER EN OPTOMETRÍA

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-1 (Curso 2020-2021)
		Tipo	Informe de Seguimento
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 4 - Recursos humanos
		Análise causa	Realizouse un estudo e diagnose dos axustes necesarios na planificación docente da titulación e dos recursos humanos da área de Optometría óptimos para impartila.
	Definición	Definición/descripción proposta	Estudo e diagnose dos axustes necesarios na planificación docente da titulación e dos recursos humanos da área de Optometría óptimos para impartila.
		Data prevista de finalización	31/07/2021
		Data inicio	06/09/2020
Responsables	Responsable da implantación	Luz M. Gigirey Prieto / M ^a Jesús Giráldez Fernández	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓNS DE MELLORA

Definición	Acción de mellora	Código	AM-2 (Curso 2020-2021)
		Tipo	Informe de Seguimento
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 2 - Información e transparencia
	Definición	Análise causa	Detectouse, falta de información relativa á metodoloxía docente e aos sistemas de avaliación.
		Definición/descripción proposta	Elaboración e implantación dun modelo de guía docente xeral para o máster e a súa particularización para cada materia.
		Data prevista de finalización	31/07/2021
		Data inicio	06/09/2020
Responsables	Responsable da implantación	Luz M. Gigirey Prieto / M ^a Jesús Giráldez Fernández	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓNS DE MELLORA

Definición	Acción de mellora	Código	AM-3 (Curso 2020-2021)
		Tipo	Informe de Seguimento
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
	Definición	Análise causa	Análise do estado do material docente.
		Definición/descripción proposta	Establecemento de criterios para a súa renovación.
		Data prevista de finalización	31/07/2021
		Data inicio	06/09/2020
Responsables	Responsable da implantación	Carlos García Resúa; Luz M. Gigirey Prieto; M ^a Jesús Giráldez Fernández	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓNS DE MELLORA

Definición	Acción de mellora	Código	AM-4 (Curso 2020-2021)
		Tipo	Informe de Seguimento
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
	Definición	Análise causa	Baixa participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción.
		Definición/descrición proposta	Implantar medidas para incrementar a participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción.
		Data prevista de finalización	31/07/2021
		Data inicio	06/09/2020
Responsables	Responsable da implantación	Carlos García Resúa; Luz M. Gigirey Prieto; M ^a Jesús Giráldez Fernández	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

4. Modificacións nos diferentes títulos

<u>MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS</u>		
TÍTULO	MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

5. Listaxe de evidencias e indicadores

Directrices	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
2,3	E1	Memoria vixente do título	ACSUG
2,3	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
2,3	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do centro (se algún título ten páxina web [non institucional] deberá consignarse a ligazón por separado. En caso contrario, chega co web do centro)
1,2,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
2,3	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF
2,3	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
1, 2, 3	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Panel de indicadores_2016-2017 INF.16_2016-2017 (información por título)

			INF.CiUG_2016-2017 (información por título)
1, 2, 3	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	I2_2016-2017 (información por título)
1, 2, 3	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	Panel de indicadores_2016-2017 INF.03_2016-2017 (información agrupada por centro)
6	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC Web do centro (se algún título ten páxina web [non institucional] deberá consignarse a ligazón por separado. En caso contrario, chega co web do centro)
1	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do centro
1	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanzas e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do centro
1, 2, 3	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do centro
1, 2, 3	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Memoria, Directrices 1, 2 e 3
Todas	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Panel de indicadores_2016-2017 Informes de enquisas (docencia, PDI, PAS, egresados, prácticas, mobilidade...)
1	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	Panel de indicadores_2016-2017
1	E1	Informe de certificación da implantación	ACSUG

	4	do SGC	
4	E1 5	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)	E15_2016-2017 (información por título)
4	E1 6	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	E16_2016-2017
4	E1 7	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Memoria, Directriz 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_2016-2017 (información agrupada por centro)
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_2016-2017 (información agrupada por centro)
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	INF.13_2016-2017 (información por título) INF.14_2016-2017 (información por título)
4	I9	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.	<i>Non dispoñible</i>
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	I10_2016-2017 (información agrupada por centro)
5	E1 8	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do centro
5	E1 9	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do centro
5	E2 0	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E2 2	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
2,3	E2 4	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, polo menos, os últimos cursos académicos (título, titor y cualificación)	Enlace web ou PDF

2,3	E2 5	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	INF.15_2016-2017 (información por título)
2,3	E2 6	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E3 0	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Memoria, Directrices 2 e 3
2, 3	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	Panel de indicadores_2016-2017 (información agrupada por centro)
			INF.17_2016-2017 (información por título)
			INF.18_2016-2017 (información por título)
			INF.19_2016-2017 (información por título)
			SIIU_2016-2017 (información por título)
2, 3	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	Panel de indicadores_2016-2017 (información agrupada por centro)
			INF.CiUG_2016-2017 (información por título)
2, 3	I14	Resultados de inserción laboral	EIL-SIIU_2016-2017 (información por título)
2, 3, 4, 5	I15	Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva...)	Panel de indicadores_2016-2017 (información agrupada por centro)